



SESION ORDINARIA DE 26 DE XANEIRO DE 2021

(Acta número 01)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. José Antonio García López
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira
D. José Manuel Gómez Puente

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

Sendo as once horas do día **vinte e seis de xaneiro de dous mil vinte e un**, a través de sistemas tecnolóxicos de vídeoconferencia, e baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o señor Deputado D. Pablo Taboada Camoira.

De acordo co sinalado na lexislación vixente, queda acreditado que os señores Deputados que asisten telematicamente ao Pleno indicado no encabezamento desta Acta se encontran en territorio español.

Intervén o Sr. Presidente para desculpar a ausencia do señor Deputado D. Pablo Taboada Camoira, membro do Grupo Provincial do Partido Popular, por temas sanitarios, indicando que, se lle é posible, incorporárase ao longo da sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de decembro de dous mil vinte, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO

2.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO COMO CONSECUENCIA DA HOMOLOGACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS E PLENA APLICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO ÚNICO PARA PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN.

Visto o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da deputada delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por Acordo Plenario de 29 de decembro de 2020, apróbase inicialmente a “Proposta para a homologación dos postos de traballo do Servizo de Audiovisuais e plena aplicación ó persoal subrogado do Convenio Colectivo Único de persoal laboral da Deputación”.

O apartado 3 do mencionado Acordo, sinala:



“*MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL.- Como consecuencia da homologación e plena aplicación do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación en aplicación da normativa de función pública local, procede adecuar o Cadro de Persoal ás modificacións que se deriven da mencionada homologación, modificando o Cadro de Persoal laboral no referente á denominación das prazas e a vinculación ó grupo de clasificación profesional. Así mesmo modificarase o Anexo de Persoal vinculando as prazas do Cadro de Persoal ós postos de traballo correspondentes*”.

Tal como prevé o xa mencionado acordo de homologación, as modificacións retributivas, consecuencia da homologación, non poderán supoñer un incremento superior ó 0,3% da masa salarial correspondente ó ano 2020, cuxa contía ascende a 81.395,67 €. Esta contía incrementarse nun 0,9%, de conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 11/2020, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2021, o que supón un límite máximo de 82.128,23 €, e aplicarase unha vez que se aproben definitivamente a modificación da RPT, aprobada inicialmente o 29 de decembro de 2020 e a presente modificación do Cadro de Persoal, con efectos do 1 de xaneiro de 2021.

Consecuencia do sinalado, modifícase o Cadro de Persoal, aprobado xunto co Orzamento da Entidade para 2021, na sesión extraordinaria do Pleno de 30 de novembro de 2020 e aprobado definitivamente por Acordo plenario de 29 de decembro de 2020.

MODIFICACIÓN CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO

ORZAMENTO 2021

ADMINISTRACIÓN XERAL

	Denominación Praza	Grupo	Total	Ocupada	Vacante	Dotación	Acceso
SUBESCALA AUXILIAR	AUXILIAR A. X.	C/C2	2		2	VND ¹	PIF ²
SUBESCALA SUBALTERNO	PORTEIRO/A	AP	2		2	VND	PIF
TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL			4	0	4		

¹ VND: Vacante non dotada.

² PIF: Promoción interna funcionarización.

**ADMINISTRACIÓN
ESPECIAL**

SUBESCALA TÉCNICA

CLASE TÉCNICOS SUPERIORES

Denominación Praza	Grupo	Total	Ocupada	Vacante	Dotación	Acceso
PRODUTOR/A AUDIOVISUAIS	A/A1	1		1	VND	PIF

TOTAL TÉCNICOS SUPERIORES 1 0 1

TOTAL ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL 1 0 1

TOTAL XERAL 5 0 5

MODIFICACIÓN CADRO DE PERSOAL LABORAL

ORZAMENTO 2021

GRUPO/SUBGRUPO A/A1

Den. PRAZA	TOTAL	OCUPADA	VACANTE	DOTACIÓN	Acceso
PRODUTOR/A AUDIOVISUAIS	1	1		D ³	-
REDACTOR/A-1	2	2		D	-
PROFESOR/A (1 OCUPADA 50% XORNADA)	9	8	1	D: 8 VND: 1	PI ⁴
TOTAL GRUPO/ SUBGRUPO A/A1	12	11	1		

GRUPO/SUBGRUPO A/A2

Den. PRAZA	TOTAL	OCUPADA	VACANTE	DOTACIÓN	Acceso
REDACTOR/A-2	1		1	VND	PI
DOCUMENTALISTA	1	1		D	-
ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A EN TELECOMUNICACIÓN	1		1	VND	PI
PROFESOR/A "A EXTINGUIR"	1	1		D	-
TOTALGRUPO/ SUBGRUPO A/A2	4	2	2		

³ D: Dotada.⁴ PI: Promoción interna.



GRUPO B

Den. PRAZA	TOTAL	OCUPADA	VACANTE	DOTACIÓN	Acceso
TÉCNICO/A EDITOR VIDEO	1	1		D	-
TÉCNICO/A CÁMARA- REPORTEIRO/A	3	3		D	-
TÉCNICO/A EDITOR/A AUDIO " A EXTINGUIR"	1	1		D	-
PROFESOR/A TALLER- TÉCNICO/A PRODUCCIÓN	2		2	D	-
TÉCNICO/A SUPERIOR IMAXEN E SONIDO	1	1		D	-
TOTAL GRUPO B	8	6	2		

GRUPO/SUBGRUPO C/C1

Den. PRAZA	TOTAL	OCUPADA	VACANTE	DOTACIÓN	Acceso
TÉCNICO/A PRODUTOS AUDIOVISUAIS E REDES SOCIAIS	1		1	VND	PI
REDACTOR/A-PRODUTOR/A "A EXTINGUIR"	2	2		D	-
TÉCNICO/A REALIZACIÓN	2		2	VND	PI
EDITOR/A VIDEO	1		1	VND	PI
CÁMARA PROFESIONAL- REPORTEIRO/A	3		3	VND	PI
TOTAL GRUPO/ SUBGRUPO C/C1	9	2	7		

GRUPO/SUBGRUPO C/C2

Den. PRAZA	TOTAL	OCUPADA	VACANTE	DOTACIÓN	Acceso
AXUDANTE PRODUCCIÓN "A EXTINGUIR"	1	1		D	-
REALIZADOR/A "A EXTINGUIR"	1	1		D	-
AUXILIAR DE REALIZACIÓN "A EXTINGUIR"	1	1		D	-
EDITOR/A VIDEO "A EXTINGUIR"	1	1		D	-
OPERADOR/A REPORTEIRO/A CÁMARA "A EXTINGUIR"	3	3		D	-
AXUDANTE SONIDO E ELECTRICIDADE	1	1		D	-
AUXILIAR ADMINISTRATIVO "A EXTINGUIR"	2	2		D	-

TOTAL GRUPO/ SUBGRUPO C/C2	10	10	0	
----------------------------	----	----	---	--

AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS

Den. PRAZA	TOTAL	OCUPADA	VACANTE	DOTACIÓN	Acceso
OPERARIO/A SERVIZOS MÚLTIPLES	1	1		D	-
PORTEIRO/A "A EXTINGUIR"	2	2		D	-
TOTAL AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS	3	3	0		

TOTAL XERAL	46	34	12	
-------------	----	----	----	--

Acompáñase adxunto Anexo de Persoal relativo ás modificacións de prazas e postos no Servizo de Audiovisuais.

Á vista de todo o sinalado, informadas as organizacións sindicais integrantes da Mesa Xeral de Negociación en reunión celebrada o 15 de xaneiro de 2021, á vista tamén dos informes que constan no expediente, propoño que se someta esta proposta á Comisión Xeral de asuntos do Pleno, para que a ditamine favorablemente e que se someta posteriormente ao Pleno da Deputación para a súa aprobación”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría de cinco votos a favor, emitidos por D. José Tomé Roca, D^a. M^a. del Pilar García Porto, D. Pablo Rivera Capón, D^a. Ana González Abelleira, e D. Efrén Castro Caloto, membros do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG; e tres abstencións, correspondentes a D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. Oscar Poy Franco e D. José Angel Santos Sánchez, representantes do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:



“Simplemente para xustificar a abstención do Partido Popular na mesma liña ca no pasado Pleno; non estamos seguros tampouco de que tódolos traballadores manteñan os dereitos e os niveis que tiñan antes, e cremos que incluso hai xente disconforme. De tódolos xeitos o Partido Popular non foi chamado para este proceso, e por iso nos imos abster.

Tamén é certo que hai informes positivos, polo que felicito a todo o equipo técnico da Deputación, e si é ben certo que a nosa abstención vai un pouco nese sentido”.

A continuación intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Como di o enunciado desta proposta, unha vez feita a homologación de todo o persoal do Servizo de Audiovisuais, da coñecida Fundación TIC, neste momento o que toca é a modificación do cadro de persoal. Polo tanto non se trata de crer ou non crer senón que se trata dun paso indispensable e imprescindible para poder finalizar todo este proceso.

Dicir nese sentido que a mesa xeral de negociación foi informada o día 15 deste mes; e en definitiva do que se trata é da modificación do cadro de persoal para poder aplicar tódalas medidas do convenio colectivo único para o persoal laboral da Deputación para a súa plena aplicación”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

--oo0oo--

3.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR A CREACIÓN DUN FONDO EXTRAORDINARIO COVID PARA AS ENTIDADES LOCAIS NOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA 2021, E LIÑAS DE AXUDA ESPECÍFICAS PARA OS SECTORES MÁIS AFECTADOS.

Logo de ver a proposta de goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“M^a. del Pilar García Porto, deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno para reclamar a creación dun fondo extraordinario Covid para as entidades locais nos orzamentos da Xunta de Galicia 2021 e liñas de axuda específicas para os sectores máis afectados.

Desde o inicio da pandemia algúns sectores produtivos están a enfrontarse a unha realidade que fai insostible a actividade de moitos autónomos e pemes, de xeito especialmente grave no eido da hostalería, o comercio local, o ocio, o turismo e a cultura. As restricións de horarios, as limitacións de aforo ou mesmo os peches teñen afectado dun xeito drástico ó sector Servizos, que representa o 63% do PIB galego e dá emprego na provincia de Lugo ó 65% da poboación.

Durante toda esta pandemia, os Concellos de Galicia víronse obrigados a dar resposta con fondos propios a todos os gastos de competencias impropias que se viron na obriga de asumir, como foron as desinfeccións dos colexios, as desinfeccións dos centros de saúde ou a tramitación dos procedementos sancionadores por incumprimento das medidas de prevención para a loita contra a COVID-19, entre outras que son ben coñecidas.

O 26 de xuño de 2020, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) aprobou o Plan de acción multifocal 2020-2022, no que se fai unha análise do contexto económico post-COVID-19, dos recursos locais para afrontar a crise, da resposta e das prioridades para afrontar esta. Ademais, establécese o plan de actuación, no que se acordaron unha serie de medidas necesarias para que as entidades locais poidan saír desta crise o máis axiña posible e sen deixar a ninguén atrás.

A pesares desta situación, e das súas competencias en materia económica, nomeadamente en tempos de crise, a Xunta de Galicia non ten presentado nestes meses un plan de axudas concretas para paliar os efectos da covid nin nos sectores máis afectados nin nos concellos. A única



iniciativa que puxo en marcha ata o momento, foi habilitar unha axuda económica de 22 millóns. Unha cantidade insuficiente, que non garda relación cas perdas dos negocios, nin co esforzo dos concellos e que non está repartida na súa totalidade e que representa unha porcentaxe ínfima dos fondos extra de loita contra a covid que o Estado e a Unión Europea teñen transferido ó Goberno galego.

Durante o ano 2020 o Goberno estatal ten remitido á Xunta de Galicia recursos non reembolsables a través do fondo COVID estatal para compensar a caída de ingresos pola redución da actividade económica por valor de 224 millóns, e acaba de anunciar o reparto de 441 millóns de euros a través dos fondos de REACT-EU para que, entre outros obxectivos de carácter social, poida prestar apoio en forma de capital circulante ou de apoio á inversión para as pemes. Asemade, os orzamentos de ingresos da Xunta de Galicia teñen crecido nun 13,98% respecto ao ano 2020 gracias, na súa maior parte, ás novas transferencias que chegarán de novo a través dos fondos extraordinarios estatais e dos fondos REACT-EU.

Con esta achega de fondos extra, Galicia, está en disposición de aplicar medidas de apoio ós sectores afectados máis ambiciosas e máis eficaces do que se ten feito ata o de agora. E de adoptar un modelo similar ao de Alemaña, onde calquera decreto de restricións sanitarias inclúe no propio texto as liñas de axuda para os sectores afectados, con cantidades concretas e canles sinxelos e áxiles para que as axudas cheguen con rapidez a todos os potenciais destinatarios.

Dende a Deputación de Lugo, axudamos dende o primeiro momento ós sectores afectados, cos que mantemos unha liña de colaboración permanente. A pesares de non ter as competencias e sen ter recibido nin un só euro extraordinario de financiamento habilitamos, entre outras medidas, campañas de promoción do consumo seguro, actividades de formación na aplicación de medidas sanitarias no comercio e a hostalería, liñas de axudas para os artesáns, deportistas e sectores culturais, así como a posibilidade para os concellos de consignar fondos do Plan Único para calquera necesidade derivada da pandemia.

As nosas reiteradas ofertas de diálogo non obtiveron resposta por parte do Goberno autonómico, pero ante a persistencia da crise, continuamos dispostos a colaborar con lealdade e respecto institucional para consensuar axudas, medidas e liñas de apoio dirixidas aos concellos e

aos sectores afectados pola COVID 19, de acordo co nivel competencial e económico de cada Administración.

Por elo sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno para que a Deputación Provincial de Lugo inste á Xunta de Galicia a:

- A creación dun fondo extraordinario, con criterios de reparto obxectivos, nos orzamentos autonómicos de 2021 dotado con ao menos 100 millóns de euros para financiar as competencias impropias que están cubrindo as entidades locais na loita contra a pandemia do COVID-19.
- A creación dun fondo extraordinario nos orzamentos autonómicos de 2021 dotado con ao menos 120 millóns de euros destinado ós sectores da hostalería e o comercio local.
- Aprobar, con carácter urxente, un decreto no que se contemplen axudas para os sectores afectados polas restricións sanitarias acordadas pola Administración autonómica, así como a creación dun procedemento áxil e sinxelo para facilitar o acceso inmediato aos sectores afectados a estas axudas a través dun portelo único, con todas as garantías de transparencia e equidade.
- Eliminar e bonificar, tal e como pide o sector, o tramo autonómico IRPF e os cánones da auga, do lixo e canon eólico, no caso no que aínda non o teña aplicado.
- Adoptar o modelo alemán ante calquera nova restrición, para incluír nos mesmos decretos sanitarios o volume de axudas para facer fronte as consecuencias que xeran nos sectores afectados.
- Convocar unha mesa institucional interadministrativa na que se acorden as axudas, achegas e xestión das mesmas.
- Derivar recursos cara aos concellos con criterios de reparto obxectivos para que poidan facer fronte as necesidades producidas pola COVID -19.
- Manter o compromiso da Deputación de Lugo na flexibilización do uso dos recursos que chegan aos concellos para que estes poidan ser destinados ao establecemento dunha liña de axudas aos sectores máis afectados pola situación pandémica así como a calquera outra necesidade derivada da pandemia”.



Ante esta proposta, por parte do Grupo Provincial do Partido Popular preséntase unha emenda de engádega, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial do Partido Popular propón engadir á proposta de acordo formulada dous novos puntos co seguinte texto:

- Que a Deputación Provincial de Lugo inste ao Goberno do estado a que Execute o Plan de rescate que lle pediu o sector da hostalería e o sector turístico.
- Que o goberno provincial aprobe un Plan de rescate Covid de 4 millóns euros que foi o que pediu o Grupo Provincial do Partido Popular no mes de maio de 2020”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Xa hai case un ano dende que comezou esta pandemia, e dende o principio algúns sectores produtivos están a enfrontarse a unha realidade que fai insostible a actividade de moitos autónomos e de moitas pequenas e medianas empresas, de xeito especialmente grave cabe sinalar o eido da hostalería, do comercio, do ocio, do turismo, e da cultura, entre outros. As restricións de horarios, as limitacións de aforo, mesmo os peches como acabamos de ver recentemente de novo na hostalería, afectan dun xeito drástico ó setor servizos que, como vostedes saben, representa o 63% do PIB de Galicia, e dá emprego na nosa provincia ó 65% da poboación.

Ata agora a única iniciativa que se puxo en marcha por parte da Xunta foi a de sacar unha axuda económica de vinte e dous millóns de euros, e agora acabamos de ver un anuncio por parte do Sr. Feijóo de 50 millóns de euros máis có último anuncio que se acaba de facer, xusto antes de anunciar o peche da hostalería.

Pero ademáis disto durante esta pandemia os concellos de Galicia, e moitos dos que participan neste pleno son alcaldes e sábeno ben, é dicir o setor público que está atendendo en primeira liña á cidadanía, viuse obrigado a dar respostas con fondos propios en exclusiva, sen ningunha aportación extraordinaria, a competencias impropias como poden ser a de desinfección dos colexios, dos centros de saúde, mesmo a tramitación dos procedementos sancionadores. E

tamén é certo que durante o ano 2020 o Goberno estatal remitiu á Xunta de Galicia recursos, que non teñen que devolver, a través do fondo Covid estatal, para compensar a caída de ingresos pola redución da actividade económica, e en total xa transferiron 224 millóns de euros; e agora acábase de anunciar o reparto de 441 millóns de euros máis para que, entre outros obxectivos de carácter social, se poda prestar apoio en forma de capital circulante ou de apoio á inversión para as pequenas e medianas empresas.

Polo tanto o Estado, e Europa, inxectarán un total de 665 millóns de euros nas arcas da Xunta de Galicia, da nosa Comunidade Autónoma, para paliar a caída da economía e inxectar circulante por 665 millóns de euros, o que fai que o recen anunciado orzamento da Xunta de Galicia se vexa incrementado en arredor dun 14%.

Por tanto con esta achega de fondos extra que Galicia, a Xunta, non vai ter que devolver, está en disposición de aplicar medidas de apoio ós sectores máis afectados, medidas máis ambiciosas, máis eficaces, mesmo se podería aplicar un modelo similar ó Alemán, que quere dicir que cada vez que haxa restriccións éstas deberían ir acompañadas das medidas económicas para paliar as restriccións derivadas da crise económica provocada pola pandemia.

E no outro lado, fronte á Xunta de Galicia temos a administración local, é dicir ós concellos de Galicia, administración local que sen ter competencias propias tivo que asumilas, como dixen hai un momento, en moitas ocasións, obrigados pola falla de acción da Xunta de Galicia, competencias que non recibiron ningún apoio económico, que fixeron unicamente con fondos propios sen ningún ingreso extra. E por outra banda as Deputacións, na medida do posible, e no que permitía o noso orzamento, acompañamos tanto ós sectores coma ós concellos, esa é a obriga e para o que temos a nosa razón de existir.

Dende a Deputación de Lugo, como vostedes saben, fixéronse medidas de apoio á formación na aplicación de medidas sanitarias tanto ó comercio como á hostalería, liñas de axudas para os artesáns, para os sectores culturais e deportivos; a posibilidade de que os concellos puideran consignar fondos do Plan Único, e ademáis anticipáronselles os ingresos polo cobro de taxas e impostos.



Ante esta situación, o que propoñemos nós é básicamente nestes puntos de acordo a creación dun fondo extraordinario para os concellos con cen millóns de euros, e por outra banda a dotación dun fondo extraordinario para os setores máis afectados de alo menos cento vinte millóns de euros. Ademais doutra serie de medidas que sen dúbida contribuirían a beneficiar ós setores máis afectados e á economía do conxunto de Galicia, e polo tanto tamén na nosa provincia”.

Seguidamente intervén o Sr. deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Estamos aquí ante unha proposta típica e tónica deste grupo de goberno. Unha administración que non foi capaz de chegar a tempo en nada no Covid na nosa provincia, e fai unha proposta á única administración que neste momento nesta provincia está a rescatar parte deses sectores tan prexudicados.

Dicía a señora representante do Partido Socialista que hai un ano empezaba a crise da pandemia sanitaria que estamos a sufrir, e hai un ano empezaban os problemas para sectores moi importantes desta provincia. Efectivamente, hai un ano, e cal foi a única administración que dende hai un ano, dende o minuto cero, leva prestando axuda e medidas á poboación e ós sectores máis castigados?, precisamente a Xunta de Galicia.

E que este debate é tan nítido que hai un mes o Grupo Provincial do Partido Popular pediamos no debate dos orzamentos do ano 21, fíxense que debate máis importante, e dicíamos que como era posible, e de feito votabamos en contra deses orzamentos, que a Deputación de Lugo presuma dun orzamento continuista?; como é posible que non exista na Deputación de Lugo ningún plan Covid coa situación na que se atopa ese 65% da poboación de Lugo de forma directa?; como é posible que non se incremente un só euro o plan único desta provincia?.

É dicir, vostedes, o goberno da Deputación, son os únicos que neste momento non se sumaron a ningunha iniciativa, iso si, acompañados polo goberno do Estado que a día de hoxe segue sen facer efectivo, sen executar, o plan de rescate que estaba prometido e así solicitado polo sector. Polo tanto estamos nun círculo ridículo, estamos pedíndolle orzamento á única administración que o fai, e somos nós, a Deputación de Lugo, a Deputación que non é capaz de

facen fronte a ningunha situación extra con respecto ó ano 2021 como se viu no debate dos orzamentos.

Queremos recordar que no primeiro rescate da Xunta de Galicia, no primeiro plan de axuda á hostalería e ó turismo, se adicaron ó sector 24 millóns de euros, e están garantidos xa para este ano 2021 cincuenta millóns de euros máis. Estamos falando da única administración que está a cumprir, dentro das súas dificultades, co sector da hostalería e do turismo. Pero aínda así, a pesares desta ineptitud manifesta deste Grupo de goberno que o único que sabe facer é mocións para que fagan os únicos que xa están facendo, cremos, e por iso presentamos unha emenda de engádega, que tal e como dixo o cluster do turismo, como está dicindo o Presidente da Xunta de Galicia, e como está dicindo a sociedade en xeral, temos que estar todos unidos. Polo tanto apoiamos medidas, plans específicos da Xunta de Galicia que implementen os únicos que están vixentes a día de hoxe, sempre e cando fagamos todos ese mesmo esforzo.

Polo tanto presentamos unha emenda de engádega na cal, ademáis de apoiar eses puntos dos que se fala, deses fondos, deses decretos, e demáis que se lle esixen á Xunta de Galicia, sexa esta Deputación a que dea algo de exemplo, a que rectifique o que fixo nos orzamentos do ano 21 hai un mes cando adicou cero euros extra a ningún plan Covid, ou adicou cero euros extra ó incremento do Plan Único.

Estamos sen fondos extra, estamos nunha situación absolutamente continuista e despegada da realidade. Polo tanto a través desta emenda o que solicitamos ó Grupo de goberno é que esta Deputación inste ó Goberno do Estado a que execute o Plan de rescate que lle pediu o sector da hostalería e o sector turístico. E instamos tamén a este grupo de goberno a que leve adiante, con cargo ó orzamento do ano 2021, ese plan de rescate á hostalería e ó turismo de catro millóns de euros que levamos solicitando dende maio.

Só así se entendería unha proposta deste tipo, se os que piden ós demáis, ós únicos que fan algo, exemplifican na xestión propia que estamos nunha situación, non continuista, como se dicía hai un mes, absolutamente excepcional, na cal o Plan Único non pode ser un curta e pega do ano pasado, e na cal non pode existir por parte da Deputación absolutamente ningún plan de continxencia Covid como o que solicitábamoxa hai meses de catro millóns de euros”.



Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Como dicía a miña compañeira Pilar Porto, a ninguén se lle escapa a situación tan dura que están a pasar os sectores, nomeadamente o da hostalería, pero o da cultura e outros moitos que reflectimos, e realmente é unha situación incluso en moitos casos desesperada. Como expoñemos na propia moción, coma sempre o gran peso de soportar esta crise recaeu sobre os concellos, e aí a Deputación tivo un apoio, coma sempre, con criterios obxectivos transferindo un montón de fondos ós concellos; que, aínda que dicía o señor García que os únicos que deron axudas á hostalería foi a Xunta de Galicia, é unha mentira clarísima porque tódolos concellos, ou case todos, estiveron apoiando ese sector, e de feito só hai que sair á rúa e falar co sector; polo tanto xa empezou distorsionando a realidade con iso.

Fala de que a Xunta rescatou ó sector, e eu ánimoo a que saia falar cos hostaleiros e que lles pregunte canta parte deses anuncios dos fondos recibiu, porque nós facémolo. En todo caso tamén hai algo clave que o meu Partido leva dicindo dende o principio desta crise, e non por afinidade política, porque vostedes miran moitas veces para Alemania para cousas que nós consideramos máis negativas, pero neste caso Alemania o que conseguiu é un sistema entendible para tódolos cidadáns, en canto un goberno ten que tomar medidas que limitan a súa actividade económica, que son entendibles e necesarias pola sanidade, no mesmo decreto decreta axudas, porque senón estámoslle cargando a pandemia sobre certos sectores e imos acabar por matalos.

Eu non quero liarme en canto a quen pón máis e quen pón menos, pero o que si está claro é quen ten as competencias; é como cando presumen de que existe a sanidade pública da Xunta, son as súas competencias, pois aquí axudaron a un sector cando teñen o 100% das competencias. Aínda así o que fixo esta Deputación, e as outras, e os gobernos onde está o BNG, e, despois dun anuncio do Presidente Feijóo, con toda a falta de respecto institucional, que saíu anunciando sen terse posto en contacto con ningún deses gobernos que citaba, nós temos a man tendida a poñer fondos para ese fondo de recuperación, pero ten que ser algo razoable. Se vostedes falan de que temos que poñer nós catro millóns de euros, a Xunta, facendo unha regra de tres rápida, tería que investir na provincia de Lugo bastante máis de cen millóns de euros só na provincia de Lugo.

Aquí o que hai é unha proposta deste goberno, e do resto nos que está o BNG, razoable, de sentarse, e se a Xunta pon o 1% dese orzamento, tendo en conta que recibe fondos extraordinarios por parte do Estado que veñen de Europa, as Deputacións terán que poñer algo comparado co seu orzamento, e tendo en conta tamén que as Deputacións non recibiron nin un só euro a maiores dos fondos europeos.

Polo tanto aquí o que urxe é que quen ten as competencias reaccione, que faga medidas rápidas, que máis alá dos anuncios do señor Feijóo esas axudas cheguen rápido, porque o que ten que comprender a Xunta de Galicia é que estas non son unhas axudas ó uso senón que teñen que ser urxentes, porque se chegan dentro de cinco meses para moitos hostaleiros e do sector do turismo e da cultura van chegar moi tarde.

Polo tanto o que debería facer se quere apoio das Institucións é sentar a falar dunha forma razoable e non a través dunha comparecencia de prensa, e loitar por rescatar a sectores tan prexudicados coma dos que estamos falando.

E aquí o que vén é unha proposta de goberno razoable, que vai á clave do problema, medidas urxentes, modelo alemán, que cada vez que haxa que facer unha restricción que vaia acompañada de axudas ó sector, e a realidade é que a Deputación está e sempre estivo para axudar ós concellos, e tamén neste caso aínda sen ter competencias está disposta a sentar e negociar canto temos que aportar dende este Goberno.

En canto ó de continuismo, xa o falamos nos debates, vostedes vano seguir sacando; un goberno pode facer medidas continuistas cando os criterios son obxectivos coma os que hai no reparto de fondos do Plan Único, como é un reparto de fondos ós concellos, que pode ser continuista porque o que facemos é transferir ós concellos para que fagan fronte a toda esta crise, de aí o continuismo; e é mentira que non hai liñas novas no Plan Único, pero xa o señor García empezou terxiversando a realidade, e polo tanto non me sorprende.

E o que deberían facer é apoiar esta proposta, falar cos seus compañeiros da Xunta de Galicia, e que teñan respecto institucional e que fagan propostas serias, sentarse e sacar adiante,



que é o que nos pide toda a sociedade, unhas liñas de axudas entre todos, pero sen esquecer que quen ten os fondos e as competencias maioritariamente é a Xunta de Galicia. Polo tanto isto é unha man tendida, un altofalante dos gritos de axuda e de rescate que necesita o sector, e é o que trae este goberno a este Pleno, e polo tanto cremos que debería ser apoiado unánimemente”.

A continuación intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“A verdade é que o que si resulta típico e tópico é escoitar ó señor García e as mentiras reiteradas e a demagogia na que cae constantemente o Partido Popular.

Señor García e señores do Partido Popular, vostedes sábene exactamente igual ca nós, aquí só hai unha verdade, e a única verdade é que a Xunta de Galicia xa recibiu 224 millóns de euros, e ten o compromiso do Estado de recibir 441 millóns de euros máis, un total de 665 millóns de euros a disposición da economía galega; e que fixeron ata agora?, nada, poñerlle deberes ós concellos para que atendan ós seus veciños sen darlles un só euro, e dicirlle ó resto de administracións o que temos que facer. Unha falla de lealdade institucional absoluta, sen contar absolutamente con ninguén.

Pero aínda así, señor García, a Deputación de Lugo téndelle a man, como fixo sempre, ó señor Feijóo e á Xunta de Galicia, e a todo o tecido que está economicamente moi afectado por esta situación; e facémolo dende logo cun plan moito máis xusto có que vostedes propoñen, dende logo non enganamos con falsidades, porque dicimos quen ten as competencias, quen ten os cartos, e aínda así estamos dispostos a facer un esforzo.

E dígolle máis, se vostedes son capaces de esixirlle á Deputación de Lugo que poña catro coma cinco millóns de euros, pídolles que teñan o mesmo valor para pedirlle á Xunta de Galicia que poña a súa parte proporcional, é dicir cincocentos cincuenta e cinco millóns de euros só para a provincia de Lugo; van facer iso vostedes?, sabemos todos que non. Pero mire, nós si que somos xenerosos, si que somos solidarios, e dicímoslles que estamos dispostos a destinar o noso 1% do orzamento do 2021, e pedímoslle á Xunta de Galicia que faga o mesmo, entón pasariamos de ter

os cincuenta millóns de euros que promete o señor Feijóo, a ter un total de cento corenta millóns de euros entre tódalas administracións referíndonos á Xunta, Deputacións, e grandes concellos.

E eu creo que iso é unha proposta xenerosa, seria, que está enriba da mesa, e que a Xunta de Galicia ten que dicir se a acepta ou non, se segue querendo facer únicamente xogo político e demagogia, e vostedes terán que demostrarlle a esta provincia se van seguir traendo a este Pleno propostas que non levan a ningures facendo brinde ó sol, e facéndolle o xogo e seguindo o argumentario que lles dictan dende Santiago.

Responsables con esta provincia aquí somos todos, e a esta Deputación e á provincia nos debemos todos e cadaún de nós, tanto os que gobernamos coma vostedes que están na oposición”

Intervén o Sr. deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“A verdade é que é moi decepcionante a resposta do goberno da Deputación, entendemos, aínda que non o explicitaron, que vostedes non están niso, non están de acordo en aceptar iso que lles dixemos de que nós si que apoiariamos a súa proposta se aceptaban a nosa, que ó fin e ó cabo só é solidariedade entre as administracións que é o que está a pedir a xente.

Vostedes non queren instar ó goberno do Estado, téñenlle medo ó goberno de Pedro Sánchez, ó goberno que está manifestamente maltratando a Galicia, que está incumprindo practicamente todo o que prometeu a esta terra. O BNG non serve para nada, simplemente lles din que si para que lles vote a favor, e despois xa os esquecen. E así estamos, vostedes son incapaces de pedirlle ó goberno do Estado que execute o plan que lle pediu a hostalería, non só a lucense senón toda a galega; vostedes non serven para nada, con iso de que non teñen competencias demostran iso, que son manifestamente incompetentes.

Vostedes hai un mes foron incapaces de adicarlle no orzamento, ó que votamos en contra e que o tempo nos dá a razón, un solo euro a un plan Covid específico nin para a hostalería nin para ningún sector para o ano 2021 nesta provincia. Vostedes foron incapaces de crear fondos extras no



plan único de cooperación cos concellos para a situación na que estamos, e quedaron nese continuismo de curta e pega do que encima presumen.

Esta Deputación só serve para reunirse cada mes para falar mal de Feijóo por parte do goberno, precisamente da única administración que, en primeiro lugar, avalan os cidadáns cada catro anos, e en segundo lugar a única administración que ten en marcha un plan de apoio á hostalería no ano pasado de vinte e catro millóns de euros practicamente executado, que ten garantida incluso modificandoa para simplificar os trámites de apoio e de axuda á xente para este ano de cincuenta millóns de euros.

Este Grupo de goberno só serve para facerlle propostas a Feijóo, e despois veñen os galegos e veñen os lucenses e dinlle que por aí van mal, e non servimos para nada. E son incapaces de aceptar unha emenda que vai no criterio que está pedindo a hostalería, que é precisamente o apoio e a unión de todos para axudar ós sectores.

Esta Deputación, que subiu os seus gastos correntes e de todo tipo en catro millóns de euros para o ano 2021, hoxe é incapaz de apoiar unha aportación que levamos pedindo dende maio. Reflexionen, señores do goberno, non están aquí de censores do señor Feijóo, xa hai outros compañeiros seus no Parlamento de Galicia para iso, fagan algo produtivo para os setores que máis sofren con noventa millóns de euros que van gastar no ano 2021,

Para que serve esta Deputación?, para mandarlle propostas a Feijóo de que reduza os impostos por exemplo, o tramo autonómico de IRPF, vostedes os socialistas que teñen un plan de suba de impostos absolutamente xeneralizado para o ano 2021, e son incapaces de baixar o IVE das perruquerías, ou que son incapaces de baixar o IVE da luz. Reflexionen porque así dende logo esta Deputación amosa o pouco sentido que ten con respecto á situación na que nos atopamos”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Señor García, coma sempre mete cousas que non veñen ó debate desta moción; pero falou do IVE das perruquerías e o meu Grupo apoiou dende un principio esas reivindicacións, pero non

hai que esquecer quen subiu o IVE das perruquerías que foi o goberno do Partido Popular e o señor Montoro. Evidentemente o goberno actual ten que corrixir ese erro e ese cargar a crise contra eses sectores.

Pero vostedes teñen a actitude que ten o Presidente da Xunta, aquí hai unha proposta de man tendida, unha proposta sería de unirse, se realmente o Sr. Feijóo quixera liderar Galicia e liderar as administracións que forman este país, tería feito unha proposta sería de chamar ós representantes das institucións, e sentarse a falar, e sacar adiante un plan razoable.

Pero vostedes foxen destas porcentaxes razoables, vostedes queren xogar cos números, o orzamento da Xunta é infinitamente superior ó desta Deputación, como é lóxico, e xogan vostedes cos números, pero no porcentual, que sería o razoable, non os poden defender, están dando menos do que reciben para loitar contra a crise do Covid, están dando menos do que a Xunta ingresa excepcionalmente deses fondos.

Entonces respondan a esa man tendida, cal é o problema de que as administracións colaboren en relación ó seu orzamento?, non é razoable que cada administración poña segundo a economía que ten?, eu creo que é completamente razoable; ou pode poñer o concello de Lugo neste fondo o mesmo có concello de Triacastela?, non sería razoable, haberá que ir á porcentaxe, e vostedes foxen diso porque saben que é unha proposta razoable, e que calquera cidadán que nos escoite facendo a proposta a entende.

Pero o señor Presidente da Xunta móvese mellor nas roldas de prensa ca no Parlamento Galego, ou ca nunhas mesas multiinstitucionais onde hai que chegar a acordos, vostedes xogan con iso; e eu dígolles que acepten estas propostas, senten a sacar unhas medidas que cheguen rápido para o sector que é o que lles están pedindo, non lles vai valer o seu xogo mediático que lles gusta tanto, non lles vai valer porque están tan afogados que xa están aburridos, necesitan axuda e necesítana xa, e collan a man das administracións que non teñen as competencias e que aínda así llela están tendendo, estánllela tendendo aínda coa falla de respecto institucional que ten o señor Feijóo con todo o resto de administracións.



Polo tanto, repito o que lles dicía ó principio, esta é unha proposta moi razoable, que chegarían os fondos rápido ó sector, e que deberían aceptar, e son incapaces de aceptala”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Estou de acordo con vostede señor García, a hostalería reclama unidade, e nós estamoslla ofrecendo á Xunta de Galicia dende o minuto cero; vostedes o único que fan é demagogia, atacan a Madrid que dispón de 665 millóns de euros para a Comunidade Autónoma de Galicia, e atacan á Deputación de Lugo.

Nós propoñémoslles un plan de rescate conxunto da economía dos sectores máis afectados entre a Xunta e as Deputacións, por importe de 140 millóns de euros fronte ós 50 que di Feijóo, a través do 1% do Orzamento de cada administración, porque é mais xusto e equilibrado para tódalas administracións, porque é proporcional ó orzamento de cadaunha; e dende logo non implicaría o lastre doutras inversións tamén necesarias”.

O Presidente preguntalle á propoñente da moción se é aceptada a emenda do Grupo Provincial do Partido Popular, ao que a voceira do Grupo Provincial Socialista resposta que non.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA SOBRE O TRANSPORTE ESCOLAR NO RURAL E NAS ZONAS DE MONTAÑA LUCENSES

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista sobre o transporte escolar no rural e nas zonas de montaña lucenses.

A apertura do proceso de licitación das 424 rutas de transporte escolar que dependen da Consellería de Educación para os cursos escolares 2021/2022 e 2022/2023 ven xerando as queixas dos veciños e veciñas da provincia, como os concellos de Folgoso do Courel ou Cervantes. Tamén dos traballadores autónomos do transporte público que rexeitan un prego de contratación baseado en grandes lotes que lles imposibilita competir para tratar de manter un servizo que veñen prestando nas últimas décadas.

O plan da Consellería vai empeorar o servizo, eliminando rutas e aumentando o tempo que os rapaces pasan no transporte. É o caso do CPI Poeta Uxío Novoneyra, en Folgoso do Courel. O centro conta con 6 rutas de transporte escolar, atendidas por profesionais do taxi en vehículos de 9 prazas. No novo mapa, o número de rutas baixa a 4.

Xunto co prexuízo aos nenos/as e ás súas familias, o concurso da Consellería prexudica tamén ós traballadores/as locais. As rutas do CPI Poeta Uxío Novoneyra quedan englobadas no lote 27, que inclúe tamén a O Incio, Ribas de Sil, Pobra de Brollón, Monforte de Lemos e Bóveda. Para concorrer ao concurso deste lote é preciso contar cunha ampla frota de microbuses e se premia ter a sede operativa en Monforte.

Estas condicións son inasumibles para os autónomos/as do taxi, nen sequera cooperando nunha UTE. Estes/as profesionais non só atenden ó transporte escolar, senón tamén desprazamentos relacionados ca atención médica, polo que a perda dos seus traballos supón un dano para a economía local e tamén un prexuízo para o acceso aos servizos públicos de parte da poboación, nomeadamente a de maior idade.

No caso de Cervantes, o prego non parece contemplar o desprazamento actual en vehículo todo terreo que leva ós nenos do Piornedo dende as súas casas ata a parada do microbús que os leva ata o CPI Plurilingüe de Navia de Suarna.



Os e as socialistas lucenses queremos mostrar o noso apoio á comunidade escolar do Courel e Cervantes rexeitar a actual proposta de licitación do transporte público feita pola Consellería de Educación. Entendemos que a proposta non ten en conta o carácter rural ou de montaña de moitas zonas de Galicia, non defende o emprego local e diseña as rutas sen colocar en primeiro plano o benestar dos nenos/as e das súas familias.

Por todo iso, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia a que modifique as condicións de licitación das rutas de transporte escolar dependentes da Consellería de Educación no seguinte sentido:

- Que se revise o deseño dos lotes para atender as diferentes características xeográficas da provincia
- Que o deseño dos lotes faga posible a concorrencia de pemes e profesionais autónomos, para manter e fomentar o emprego local, recoñecendo a especificidade das rutas rurais e de montaña que deberían licitarse dun xeito illado.
- Que se revisen as condicións do transporte dos nenos/as que residen en zonas como o Piornedo, incluíndo a necesidade de vehículos todo terreo como lanzadeiras que leven ós nenos/as da casa á parada do bus.
- Que se manteñan as 6 rutas que veñen dando servizo ós alumnos/as do CPI Poeta Uxío Novoneyra e que as mesmas se liciten como un lote único, atendendo ó carácter rural e de zona de montaña do territorio que percorren”.

Intervén a Sra. Deputada dona María del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“A apertura do proceso de licitación das 424 rutas de transporte escolar que dependen da Consellería de Educación para os cursos escolares 2021-2022 e 2022-2023 xa ten xerado as queixas de veciños e veciñas desta provincia, como os concellos de Folgoso do Courel ou Cervantes. Tamén os traballadores autónomos do transporte público rexeitan un prego de

contratación que se basea en grandes lotes o cal lles imposibilita competir para tratar de manter un servizo que veñen prestando xa nas últimas décadas. Isto prexudica terriblemente a pequenas empresas de transporte e a autónomos que están afincados no noso rural.

O plan da Consellería empeora o servizo, elimina rutas, aumenta o tempo que os rapaces van pasar no transporte, como é no caso do CPI Poeta Uxío Novoneyra en Folgoso do Courel, xa que o centro conta con 6 rutas de transporte escolar, atendidas por profesionais do taxi en vehículos de 9 prazas; e no novo mapa o número de rutas pasa de seis a catro.

Xunto co prexuízo que se lle provoca ós pequenos e tamén ás súas familias, o concurso da Consellería ademais prexudica ós traballadores e traballadoras locais. As rutas quedan englobadas neste caso no lote número 27, que inclúe tamén a O Incio, Ribas de Sil, Pobra de Brollón, Monforte de Lemos e Bóveda. Para concorrer a este concurso do lote que acabamos de falar é necesario, como se pode comprobar pola extensión da ruta, contar cunha ampla frota de microbuses, e ademais premiase ter a sede operativa en Monforte de Lemos.

Estas condicións, e eu creo que non se nos escapa a ningún de nós, son inasumibles para os autónomos e autónomas do taxi, nen sequera uníndose nunha UTE. Estes profesionais non só perden a posibilidade de acceder ó transporte escolar, senón que tamén perden a posibilidade de realizar desprazamentos relacionados por exemplo cá atención médica, algo imprescindible na montaña; polo que a perda dos seus traballos supón unha perda tamén para a economía local e un detrimento da prestación de moitos servizos.

No caso de Cervantes, o prego de contratación non parece contemplar o desprazamento actual en vehículo todo terreo que está a levar neste momento ós nenos do Piornedo dende as súas casas ata a parada do microbús que os leva ata o CPI Plurilingüe de Navia de Suarna.

Nós o que temos claro é que queremos amosar con esta moción o noso absoluto apoio á comunidade escolar do Courel, de Cervantes, da zona de montaña, pero en definitiva de todo o rural que se ve tan prexudicado polas actuacións da Xunta de Galicia, e entendemos que a proposta non ten en conta o carácter rural ou de montaña que teñen moitas zonas da nosa provincia, non defende tampouco o emprego local no medio rural, e ademais diseña as rutas sen colocar en



primeiro lugar o plano do benestar dos nenos e das nenas e das súas familias, e as facilidades para asistir ós centros educativos.

Por todo iso, nesta moción facémoslle unha serie de propostas de acordo, que serían as seguintes:

Que se revise o deseño deses lotes para poder atender as diferentes características xeográficas da provincia, non é o mesmo Monforte có Courel, sen embargo póñense todas ó mesmo nivel.

Que se deseñen os lotes de xeito que se faga posible a concorrencia de pequenas empresas e profesionais autónomos, para manter e fomentar o emprego tan necesario no medio rural.

Que se revisen as condicións do transporte dos nenos e nenas que residen en zonas especiais, como pode ser o Piornedo, incluíndo a necesidade de vehículos todo terreo para achegalos ata a parada máis próxima.

E que se manteñan as seis rutas que na actualidade se veñen dando con servizo ós alumnos do CPI Poeta Uxío Novoneyra, e que ademáis estas se liciten como un lote único, atendendo ó singular carácter rural e de zona de montaña do territorio polo que discorren.

E en atención a esta necesidade de velar polo noso rural, polos seus empregos, porque as familias queiran seguir residindo así cos nenos e nenas, e darlles un servizo o mellor posible, e polo que lles traemos esta moción, que agardamos que todos podamos votar favorablemente”.

A continuación intervén a Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Levamos varias semanas vendo as protestas dos pais e nais do alumnado do CPI Poeta Uxío Novoneyra de Folgoso do Courel, logo de que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade sacase a licitación as rutas de transporte escolar que afectan ós centros educativos da Pobra de Brollón, Bóveda, O Incio, Ribas de Sil e Monforte.

Dende hai máis de trinta anos case a totalidade do transporte escolar do Courel é desempeñado por taxistas locais en furgonetas de sete ou nove prazas, que axudan a facer máis levadeira a viaxe de nenos e nenas polas estradas e coa climatoloxía dun concello de alta montaña, axudan tamén a manter postos de traballo.

De cara ó próximo curso a Consellería propón suprimir dúas rutas, pasando de seis a catro, substituíndo catro taxis por tres microbuses e un só taxi, o que conleva un empeoramento do servizo para o alumnado. Suprimen tamén varias paradas que están a día de hoxe autorizadas, provocando que nenas e nenos teñan que desprazarse polos seus medios ata as paradas para coller o microbús.

Isto ocorre en estradas, e ben o saben alcaldes e alcaldesa que temos hoxe aquí presentes da zona da montaña, nas que a día de hoxe é difícil cruzarse un taxi cun camiión, cando menos con microbuses circulando por unha estrada no mellor dos casos de cinco metros de anchura, sufrindo ademáis os nenos e nenas longos percorridos que lles obriga a madrugar e chegar máis tarde á casa, superando en moitos casos dúas horas de viaxe diarios durante o curso escolar; e estamos a falar de nenos e nenas de tres, catro e cinco anos, e de aí para adiante.

Ademáis consideramos que esta situación vulnera o dereito á igualdade no acceso á educación, pois non ten en conta as condicións específicas das zonas de montaña, incluso dubidamos que este novo plan cumpra a filosofía dos fondos europeos, e que dende logo o que incumpre é a estratexia europea para as zonas da alta montaña que recolle as necesidades específicas de transporte nestas zonas, e que se reforzará no novo marco financeiro no que se está negociando en Europa neste momento.

Dende o Bloque Nacionalista Galego apoiamos a demanda da ANPA do Courel e tamén da asociación de taxistas, e cremos que o goberno do Sr. Feijóo segue adiante con esta e outras posturas na súa política de desmantelamento do rural galego, porque o caso do transporte escolar no Courel non é o único, hai alumnado no colexio de Navia de Suarna, que pertence ó concello de Cervantes, ós que tamén lles eliminan servizos alongando a ruta ata o colexio, tendo que desprazarse por medios propios ata a parada do microbús. Unha vez máis as familias que viven nas



zonas de montaña sofren a discriminación, as nenas e os nenos teñen que facer dobre ou triplo esforzo para poder ir ó colexio.

A delegación da Xunta en Lugo é coñecedora desta situación a través da propia ANPA, sendo a única resposta a suspensión do prazo de presentación das propostas das empresas interesadas, e tamén resposta que isto era unha cuestión meramente económica.

É necesario romper o lote 27 e facer un específico para a montaña, cun novo concurso que respecte as peculiaridades da montaña lucense e favoreza tamén a economía local, para que así se poida asentar a poboación e que non teña de novo que seguir marchando.

Dicir tamén que esta demanda, tanto da ANPA coma da asociación de taxis de alí, é unha demanda que conta co apoio unánime de tódolos Grupos que forman parte da Corporación municipal, que está formada neste momento polo Partido Popular, PSOE, e IG-Vivo, e dende aquí o noso apoio”.

Intervén a Sra. Deputada dona Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Non deixo de estar sorprendida do xeito que teñen vostedes de actuar, porque chegan tarde, pois presentan esta moción xusto ó día seguinte de ser paralizado o proceso de licitación da Xunta de Galicia. Foi paralizado e publicada a súa resolución na plataforma de contratos da Xunta de Galicia mediante resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se suspende o prazo de presentación das solicitudes no procedemento de adjudicación do servizo de rutas de transporte escolar.

Voulles facer un breve resumo no tempo. O día 24 de decembro de 2020 esta alcaldesa xa publica na prensa o problema que se crera con esta nova licitación de transporte escolar. O Concello de Folgoso do Courel ten as seis rutas en transporte escolar da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, non dependemos para nada de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas onde o resto dos concellos da provincia, o que máis e o que menos, ten rutas en Mobilidade. Por iso somos o concello máis apartado da provincia.

O día 29 de decembro presentamos dende o concello as alegacións ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e en máis organismos; alegacións onde se describe o problema de cada ruta, parada, etc., consensuada e consultada cos propios transportistas que son os que mellor coñecen as rutas e os problemas de cadaunha delas.

O día 30 de decembro a comunidade educativa organiza unha manifestación na praza do concello de Folgoso, na que o concello colabora e se recollen sinaturas para este problema; tódolos veciños de Folgoso do Courel unidos pola mesma causa. Ese mesmo día tamén se presentan por parte de tódolos Grupos Políticos do concello mocións no pleno, que son aprobadas por unanimidade.

E así ata que o día once de xaneiro a Xunta suspende o prazo de presentación de ofertas no proceso de licitación das rutas do transporte escolar, co obxectivo de escoitar e analizar detidamente tódalas alegacións presentadas, entre as que están tamén as dos pais e nais da comunidade educativa do colexio Poeta Uxío Novoneyra de Folgoso do Courel. Esta decisión da Consellería de Educación foi consensuada e comunicada tanto ós colectivos interesados como á propia Alcaldesa, ou sexa eu, que fun recibida polo propio Conselleiro de Educación, Román Rodríguez, para escoitar e atender as demandas.

Así que chegan tarde e, a pesares diso, anunciamos o noso voto a favor porque estas, entre outras peticións, constan nas alegacións presentadas polo concello, comunidade educativa, transportistas, etc., que son as que xa está a estudar a Xunta de Galicia.

Por outra banda, é lóxico que se teñan que actualizar uns contratos que datan do 1999, calquera goberno faría o mesmo, é unha tarefa difícil, trátase de 1.574 rutas que afectan a 424 concellos educativos, que se dividiron en 57 lotes cun investimento de 81,2 millóns de euros. Probablemente non sexa unha tarefa fácil, e detectáronse incidencias que cómpre revisar por parte dos servizos técnicos.

E ese é o punto no que nos atopamos, debemos agardar a que se estuden tódalas suxestións e reclamacións para ver o encaixe das alegacións co compromiso firme de revisalas por parte da



Xunta, pois non tódolos días se suspenden procesos de licitación en marcha. Por iso agradezo o xesto do Conselleiro Román Rodríguez, e dende logo que ten o meu voto de confianza, de sabios é rectificar, e seguro que a pesares de ser unha tarefa difícil debe resolverse da mellor maneira posible, dando oportunidade de participar ós actuais autónomos e empresas locais, pois o servizo para este curso está garantido, así que teñen un prazo razoable para repasar ruta a ruta e analizar as alegacións presentadas, sempre dentro da legalidade vixente, sendo o obxectivo da Xunta garantir e ofrecer un bo servizo a través dun contrato público que entrará en vigor nos próximos dous anos con posibilidade de prórroga por outros dous anos; supoño que nisto estaremos todos de acordo, que sexa mediante un contrato público onde se dea a máxima transparencia ó proceso.

Gustaríame dicirlle tamén á señora Vicepresidenta que non sei se veu ó meu concello en calidade de visita oficial, ou de paseo, a verdade é que cando vin alí algún grupo político que non era do Bloque estrañoume un pouco, pero nas próximas igual si que hai. E dicirlle tamén que tanta preocupación que mostra polo noso concello, se era unha visita oficial, porque se era de paseo non teño nada que dicir, que me avise para poderlle mostrar as deficiencias do noso concello.

E si, seguro que hai máis concellos que presentan problemas nalgúns rutas, pero dende logo que os máis afectados somos os do Courel, e por iso estou falando sobre todo no nome do Courel; somos os máis afectados porque tódalas rutas que temos están en transporte escolar da Consellería de Educación, non temos nada en Mobilidade, como o resto da provincia que si ten rutas en Mobilidade. Nós somos únicamente rutas de transporte escolar, e así fomos dende sempre, dende que empecei eu o colexio, alá cando tiña seis anos.

Polo tanto creo que si que habería que ordenar isto, pero hai que facelo da mellor forma posible, e dende logo que a vontade creo que está aí”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada dona María del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Señora Castro, non podo compartir con vostede o de que chegamos tarde porque xa está paralizado o proceso de licitación o día 13 de xaneiro, que é o día que nós presentamos esta moción; non podo compartir isto porque nós na nosa proposta non lles pedimos que paralicen o

proceso de licitación, nós pedímoslles eses catro puntos que lles enumerei na miña primeira intervención, e que dende logo ningún deles fai alusión a unha paralización.

Pero creo que si que chegan tarde os señores tecnócratas do Partido Popular que gobernan na Xunta de Galicia, poque vén vostede dicir que é perfectamente comprensible que hai que renovar os contratos, e eu dígolle que xa está ben!, despois de tres lexislaturas e cos problemas que tiveron e coas protestas que houbo xa con anterioridade por parte de moitas empresas dese sector, non é sen tempo que o revisen e o renoven. Polo tanto o de chegar tarde eu non llo podo compartir.

E si teño que felicitala porque vexo que como Alcaldesa dende logo vostede é moito máis sensible ca algún compañeiro que ten vostede, incluso nesa bancada popular desta Institución, porque é capaz de visibilizar o prexuízo que ten para as familias ás que lles están suprimindo rutas ou se lles incrementa o percorrido para que os seus nenos poidan ir á escola; un prexuízo tamén para esas pequenas empresas profesionais e autónomos do transporte que viven no rural e que veñen desempeñando as rutas, e que con esa premisa da Xunta de Galicia non poderían optar.

E tamén felicitala porque dende logo é vostede sensible e amosa unha nova mostra da falta de compromiso que ten cos servizos públicos no rural o seu Partido, o Partido Popular, e creo que nese sentido os alcaldes do PP se están dando conta, e a isto se veñen sumar tamén esas acusacións que recentemente facía o Alcalde de Friol, nas que dicía algo así como que parece un mal común na Xunta de Feijóo que decide sen escoitar e sen coñecer, e logo, como vostede di, e acaba de facer o Conselleiro, ten que parar ante as propostas e rectificar. Claro que é de sabios rectificar, pero algo deberían ter aprendido xa nesta andaina para non tropezar con estas pedras”.

Intervén a Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Eu alégrome de que a señora Castro dea por feito que todo está solucionado, oxalá sexa así, pero estou convencida de que nin vostede mesma o cre; oxalá lle teña que pedir desculpas, e oxalá que a Xunta de Galicia atenda a demanda das familias que viven no Courel e da asociación de taxistas precisamente dada a situación diferenciada que ten esta zona, como ela mesma ben di, ela mesma a sufriu; pódolle dicir que eu tamén a sufrin e sei o que é pasar unha hora no autobús, e



é curioso que isto xa pasaba hai máis de trinta anos, e que a Xunta de Galicia a día de hoxe volva repetir esas experiencias que o único que fan é que as nenas e nenos do rural non entendan esa discriminación de porqué eles non poden dispoñer do mesmo tempo de autobús e nas mesmas condicións, ou alo menos o máis cómodas posible, para chegar cada día ó seu colexio e despois volver de volta ás súas casas.

Efectivamente está paralizado o proceso de licitación, pero iso non implica que estea en suspenso, polo tanto é unha boa medida pero iso non lle da solución ás demandas das familias. E para demostrar como fan eses percorridos as liñas de autobuses non hai máis que ver as alegacións que presentaron os propios transportistas, onde valoran a falla de coñecemento que hai, e onde falan de rutas que dende o colexio ó punto de partida non da tempo a facelo en menos dunha hora; que non teñen espazo suficiente para cubrir as rutas con microbús; que hai parroquias nas que os propios microbuses non poden acceder. Polo tanto alégrome de que estean dispostos a aceptar estas alegacións e que lle dean unha solución.

E antes de rematar quería comentar que nós, o Grupo do BNG, presentamos unha emenda de engádegas no punto cuatro, que quedaría do seguinte xeito: “que se manteñan as seis rutas que veñen dando servizo ós alumnos do CPI Poeta Uxío Novoneyra, e que as mesmas se liciten coma un lote único atendendo ó carácter rural e de zona de montaña do territorio que percorren, cumprindo así a filosofía e o obxectivo dos fondos FEDER que financian este servizo”.

A continuación intervén a Sra. Deputada dona Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Aclarar que o proceso paralizouse o día once e non o día 13. E en canto a esas alegacións de que falaba a señora Maite que conste que foron consensuadas entre o concello e os transportistas, polo tanto son as mesmas as do concello e as dos transportistas porque foron, como non podía ser doutro xeito, consensuadas con eles.

E miren, voulles dicir unha cousa, se cada administración no Courel cumprise coas súas obrigas, ou sexa que atendese ás súas competencias, non teríamos case ningún problema; pero os primeiros que incumpren co noso concello son vostedes, a Deputación de Lugo, deberían ser máis

pragmáticos e coñecer o abandono no que teñen as estradas, non sabería dicir cal é a peor, igual é ir á Teixeira que a Seceda, que a Romeor ou Visuña, por non nomear a que sae por Froxán a Pobra do Brollón, están todas nun pésimo estado tanto de firme coma de limpeza de cunetas e taxeas; en once anos o único que a Deputación investiu nas súas estradas no noso concello foron eses seis quilómetros de aglomerado que tiveron que acometer por non ter a maioría na Deputación, ó igual có nacemento do Plan Único, por obriga.

Saben canto percibía o concello de Folgoso do Courel da Deputación de Lugo ata o ano 2016?, pois dezaoto mil euros, dez mil euros do famoso POS, tres mil da festa da castaña, e cinco mil para servizos sociais. Así que vir aquí dar leccións de preocupación da Deputación polos veciños do meu concello, síntoo pero non é crible. Xa levamos case dous anos de lexislatura, e pensei que como o Presidente por primeira vez é da zona sur da provincia, é coñecedor desta zona que leva moito tempo esquecida, e seguro que ía cambiar para mellor un concello coma o de Courel, pois polo momento, e créanme que sinto dicir que está lonxe de mellorar nada, nin o prometido, oxalá estivera dándolle as grazas tódolos días e en tódolos plenos ó señor Presidente, pero encima enfádase comigo cando reclamo o xusto para un concello rural coma o noso; e non lles caiba a máis mínima dúbida de que a cadaún lle reclamo o que lle compete, á vista está.

Así que apoiar ó rural si, pero débese predicar co exemplo e non querer sacar rédito político a costa da loita dun concello pequeno e o máis rural da provincia, pero orgulloso de levar o Courel a que o coñeza todo o mundo.

E vou dar uns datos, porque en cada pleno escoitamos que a Xunta faga outro Plan Único para a provincial; pois miren, Folgoso do Courel xestionou 880.000 euros de subvencións no ano 2019, 269.000 euros eran do Plan Único da Deputación, máis os 50.000 euros do GES da Deputación, e o resto foi da Xunta, case 600.000 euros, e case 200.000 euros foron de participación nos tributos da Comunidade Autónoma; eu creo que serán parecidos ó resto dos concellos.

Así que non queiran facer crer que para os concellos só existe o Plan Único, porque é moi importante, pero sen a Xunta non se poderían asumir contratacións de persoal para atender os servizos mínimos. Sabe canto nos está a reclamar este ano o Estado a un concello coma o noso que temos apenas un millón de euros de presuposto?, pois nada máis que noventa mil euros; é outro



exemplo de que tampouco lembran que somos un concello rural, e digo isto porque non se pode medir de diferente maneira, porque o que está claro é que o concello de Folgoso do Courel sempre é igual de rural.

Para rematar dicir que imos apoiar a moción presentada”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Dende logo gustaríame vela a vostede con ese ímpetu hacia o señor Feijóo para que distribúa os fondos da Xunta como fai a Deputación, oxalá me dea a min os que lle dá a vostede para o Courel, porque a min non mos da; dígalle vostede ó señor Feijóo que me dea o mesmo que lle dá a vostede, fíxese que cambio!”

Intervén a Sra. Deputada dona María del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Señora Castro, voulle comezar polo final; non lle admito a comparación da totalidade de fondos que transfire a Xunta de Galicia e a Deputación de Lugo, porque a Xunta de Galicia multiplica por cen o orzamento da Deputación de Lugo, polo tanto teríalle que estar dando cen veces máis, iso si, co mesmo criterio de reparto, repartos obxectivos; e esa é unha comparación que vostede fai forzando para favorecer o seu Partido.

A Xunta ten que rectificar por moitos erros, e o que ten que facer é cambiar o modelo de xestión que se está facendo ás costas dos cidadáns, ás costas do resto de administracións, e nomeadamente no medio rural e máis nalgunhas provincias como pode ser a de Lugo. Empezamos o curso con Portomarín, os alumnos non podían chegar ós centros de secundaria, logo seguimos con outras CEIPs, pasamos hai pouco pola intención de peche do colexio de Baamonde no concello de Begonte. Son xa varias rectificacións as que levan feito, a Xunta pecha máis de cen escolas unitarias nos últimos dez anos, e nós o único que lles dicimos é que teñen que cambiar o modelo de xestión para beneficiar máis o medio rural”.

Rematado o debate, efectuada a votación da moción á que se engade a emenda de engádega presentada polo Grupo Provincial do BNG e aceptada polo Grupo proponente da moción, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á moción do Grupo Provincial Socialista coa emenda engadida, quedando redactado o punto número catro do seguinte xeito:

“Que se manteñan as 6 rutas que veñen dando servizo ós alumnos/as do CPI Poeta Uxío Novoneyra e que as mesmas se liciten como un lote único, atendendo ó carácter rural e de zona de montaña do territorio que percorren, cumprindo así a filosofía e o obxectivo dos fondos FEDER que financian este servizo”.

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, SOBRE A ELABORACIÓN DUNHA NORMATIVA PARA OS USOS SOCIAIS DO MONTE.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción sobre a elaboración dunha normativa para os usos sociais do monte.

Exposición de Motivos:

Principia a Lei 13/2007 de Defensa e Prevención na súa exposición de motivos dicindo o que segue:

“O medio rural galego - e integrado no mesmo o monte - constitúe un patrimonio esencial para o desenvolvemento sustentábel dun país, especialmente en Galiza, onde os terreos de monte constitúen máis do 65% da superficie e onde integrados con eles hai 315 concellos con 31.550 núcleos de poboación, máis do 90% dos mesmos cunha poboación inferior aos 500 habitantes.



O monte desenvolve unha tripla funcionalidade: social, ambiental e económica. Os recursos que achega benefician a toda a sociedade, o que obriga ás administracións públicas a velar pola súa conservación, protección, rexeneración e mellora dos seus aproveitamentos.

Mentres, a Lei 7/2012 de Montes de Galiza adica o seu artigo 5º á función social dos montes:

1. Os terreos forestais galegos constitúen un recurso estratéxico que haberá de contribuír ao desenvolvemento socioeconómico de Galiza, xerando rendas e emprego na Comunidade Autónoma mediante un aproveitamento sustentábel dos seus recursos e servizos.

2. Os montes desenvolven unha función social relevante, nos termos do artigo 4 da Lei 43/2003 de Montes.

3. A Consellería competente en materia forestal promoverá a dispoñibilidade de montes ou terreos forestais para fins sociais, educativos, ambientais e recreativos, compatibilizados coa potencialidade e uso forestal dos mesmos.

4. A conservación, expansión e aproveitamento das masas forestais, segundo os criterios de xestión forestal sustentábel e o disposto na presente lei, é de interese público, sen prexuízo do réxime da propiedade”.

Sen embargo, e pese ao que di a lexislación, a día de hoxe o desleixo do monte é un dos principais problemas ambientais do noso país, ao estar desprovisto dos coidados e controis por parte da Xunta de Galiza á hora de mantelo nas mellores condicións posíbeis. Esta realidade é, en boa medida, a responsábel dos problemas de grande índole –como os incendios forestais- que padece o noso monte.

As/os titulares dos montes veciñais en man común son as veciñas e os veciños comuneiras/os. A veciñanza comuneira ten defendido reiteradamente que estas terras comunitarias poden e deben ser espazos abertos (tal e como ademais recolle a lexislación). É dicir: a función social que cumpren debe poder desfrutala a sociedade no seu conxunto.

O desfrute desta función social dos montes veciñais debe de facerse contando coa autorización da comunidade de montes respectiva. Ademais débense respectar os diversos recursos do monte, lexislando para evitar calquera agresión de tipo medioambiental e patrimonial, non deixando lixo, non prendendo lume... En resumo: o uso social dos montes veciñais en man común non pode significar responsabilidades civís e penais para as comunidades de montes.

Cando os usos do monte se fan a través de asociacións, clubs, federacións... fica cuberta a responsabilidade no caso de que haxa algún problema xa que é preceptivo contar con licenza expedida pola Consellaría do Medio Rural para a que é condición sine qua non contar cun seguro de responsabilidade civil para a expedición do permiso. Esta cuestión, pola contra, non queda solucionada cando son particulares as/os que fan uso dos montes ante os posíbeis danos que poidan causar.

Podemos clasificar os usos sociais dos montes veciñais en dúas tipoloxías: tradicionais e novos.

Os usos tradicionais serían as festas populares, as visitas ao patrimonio cultural e medioambiental, os paseos, os cubertos nas áreas de lecer... E nós sinalaríamos como “novos usos sociais do monte” os vencellados, sobre todo, a actividades deportivas como motocross, montañismo, ciclismo de montaña, deportes de aventura, escalada en rocha...

Os usos tradicionais presentan, normalmente, poucos riscos. Fanse maioritariamente a pé e serían facilmente regulábeis no que ten a ver co mantemento da limpeza do lugar, o percurso por carreiros ou espazos abertos para tal uso, o feito de non prender lume, a non alteración dos hábitats naturais.

Polo que ten a ver cos novos usos sociais dos montes veciñais estes crean novos problemas tanto para as comunidades de montes (porque a práctica destes usos pode traer consigo accidentes que poñan en perigo mesmo a vida de quen os practica) como para o propio



monte veciñal xa que moitas veces son agresivos medioambientalmente e producen un forte impacto erosivo.

Neste contexto merecen especial atención aqueles montes periurbanos que son ás veces obxecto de actividades deportivas clandestinas con cortas e aperturas de pistas de motocross e outras prácticas de risco que degradan e atentan contra do que o monte ten de ser en si mesmo ademais de supor problemas específicos no caso de accidentes.

En todo caso, e sexan as afeccións maiores ou menores, semella fundamental que a súa práctica sexa regulada por unha normativa específica e moito máis pormenorizada da recollida hoxe en distintas normas que non cobre, nin de lonxe, todas as especificidades que se poden dar nos usos sociais dos montes comunais.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón que polo Pleno desta Deputación de Lugo se adopte o seguinte acordo en relación coa elaboración dunha normativa para os usos sociais do monte:

Instar á Xunta de Galiza a elaborar unha normativa específica dos usos sociais do monte, en colaboración coas comunidades de montes veciñais, que favoreza a coexistencia dos distintos usos e preveña das posíbeis consecuencias negativas que algúns destes usos poidan ter”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Trátase dunha proposta que vén poñer de manifesto unha problemática que está a xurdir, e que cun pouco de boa vontade se debería poder solucionar.

A ningún se lle escapa a importancia que ten o monte na nosa provincia e no noso país, e que ademais dos usos tradicionais, a sociedade está avanzando, xa produciron os novos usos que son aqueles relacionados co deporte de motor, e que nalgúns momentos están xurdindo ás veces

tensións coas propias comunidades de montes, e ás veces simplemente dúbidas sobre as responsabilidades xurídicas que teñen os propios comuneiros ou os que fan eses que na moción definimos como novos usos, que todos podemos comprender que son eses que teñen que ver sobre todo cos deportes de motor.

Como dicía, o monte xa era moi importante na nosa sociedade, e agora con esta pandemia todos aprendemos a darlle importancia a eses espazos naturais, e todos, algúns por obriga e outros porque o descubriron, fuximos máis cara a eses espazos da natureza como poden ser os montes en man común.

É certo que, como dicía, nalgúns casos xorden friccións entre eses usuarios de novos usos e as comunidades, hai casos tamén onde hai o contrario, é dicir que o acordo entre clubs deportivos e os propios comuneiros estase abrindo a eses novos usos coas responsabilidades compartidas ou claras de cadaún, e colaborando, o que ven repercutir no beneficio desa comunidade.

Pois ben, o que piden moitos dos comuneiros e o que pide o meu grupo é que a Xunta de Galicia atenda estes cambios que está habendo na sociedade, e que lle dea a este novo ámbito de uso unha seguridade xurídica, pois moitas veces os comuneiros teñen medo a que se practiquen eses novos usos porque cren que por exemplo se se lastima alguén nunha bici ou facendo unha ruta de trail correndo que poidan ser responsables das lesións, por poñer un exemplo concreto.

E tamén, aínda que son os menos, pero cando pasan son graves, é impedir e acotar cal é a responsabilidade daquel que, facendo uso do monte, o deteriora, o destroza, ou o prexudica dalgún xeito, aínda que non é o que máis pero algunhas veces pasa e tamén ten que estar claro de quen é esa responsabilidade.

Polo tanto, como ben dicía, nós cremos que hai que traballar e que o monte estea vivo, que a sociedade o use, e é o que queren os comuneiros e o que quere a sociedade, e a Xunta o que ten que facer é tomar a iniciativa para examinar ben cales son estes novos usos, en colaboración coas comunidades de montes veciñais que elas mesmas lle poden expoñer cales son esas inseguridades e dúbidas que teñen para abrir o monte ós novos usos sociais, e facer unha nova normativa que redundará en beneficio xurídico e seguridade para os propios comuneiros, e tamén en que aqueles



que lles gusta ir facer eses novos usos, case todos relacionados co deporte, tamén o fagan co beneplácito dos comuneiros e cunha seguridade xurídica de que aquilo se pode facer. En definitiva, legislar para que isto se poda acotar ós abusos e que estea claro como se pode usar neses novos usos, é dicir que ninguén teña dúbidas de cal é a súa responsabilidade ante un accidente deportivo ou calquera cousa.

Polo tanto creo que a Xunta de Galicia ten que tomar a iniciativa de sentar cos comuneiros, analizar como son eses novos usos, e facer unha normativa que os faga complementarios e que lles dea seguridade xurídica e evite eses abusos dos que falabamos. Creo que é algo razoable e que calquera que coñeza un pouco os montes comunais e a práctica deportiva neses espazos sabe que ás veces xorden esas dúbidas ben entendidas polos comuneiros, e tamén dúbidas polos que practican eses deportes, e que se solucionarían dándolle un marco xurídico razoable e que protexa os usos sociais pero que tamén limite a responsabilidade xurídica que poden ter, ou teñen dúbidas de se teñen, os comuneros.

Polo tanto eu creo que é unha proposta sinxela pero ben importante, e máis nestes momentos que, como digo, eses espazos gañaron moito protagonismo, e cremos que se debería abordar e que é necesaria esa nova lexislación”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Dicir que nós coincidimos coa iniciativa que se presenta no feito de recoñecer a necesidade de poñer en valor o monte galego e a potenciación das súas posibilidades. A ninguén se lle escapa a trascendencia do monte no noso país, non só pola gran cantidade de superficie que ocupa senón moi esencialmente pola interrelación que sempre houbo entre os poboadores do rural e o monte que o circunda, ata o punto de que se pode dicir sen dúbida ningunha que o monte forma parte da identidade de Galicia nunha relación de necesidade existencial coa xente que o usa e que o ocupa.

Tamén recoñecemos a trascendencia e a importancia, e moi especialmente esa peculiaridade que teñen en Galicia as asociacións veciñais do monte. De maneira ancestral o

aproveitamento do monte en Galicia foi feito polos veciños; é certo que durante o século XIX fundamentalmente coas leis de desamortización, tamén coa redención de foros, e moi especialmente durante o franquismo coas normas sobre patrimonio forestal, o proveitamento veciñal lexislativamente desapareceu do marco legal, pero si que permaneceu inserido na conciencia colectiva de Galicia, e mesmamente no Tardofranquismo xa se reiniciou un proceso de reinversión a través das leis de 1968, de 1980, de 1989, e sucesivos, nas que se volve recoñecer esta forma peculiar de proveitamento do monte a través das asociacións de monte veciñal en man común, que teñen unha característica especial, non son exclusivas de Galicia, tamén as hai en Asturias, en parte de León, ou de Extremadura, pero si moi peculiares de Galicia e cunha característica esencial, que son formas de proveitamento do monte de carácter privado, niso se diferenzan dos montes comunais, e son tamén formas de proveitamento de carácter privado que se diferenzan dos montes de socios nunha característica peculiar que é a forma de proveitamento e a comunidade xermánica de copropiedade, é dicir a indivisión da propiedade de maneira que non hai división de cotas e tódolos veciños son titulares da totalidade da propiedade do monte.

Pero no que non podemos coincidir coa iniciativa é nas razóns de tempo, de oportunidade e de contido. Eu oigolle ó señor Castro falar das excelencias e do recoñecemento do monte, pero esta iniciativa non está en consonancia co que di.

O que está demandando a sociedade galega no momento actual non é unha reforma cativreira de aspectos lexislativos do monte senón unha reforma integral do monte galego, unha reforma integral con ordenación clara e rigorosa dos usos do monte con participación da administración e de tódolos axentes interesados; unha ordenación encamiñada a elaborar un modelo de sustentabilidade, de desenvolvemento socioeconómico e actividade produtiva do monte, de xeito que este se convirta en auténtico motor de desenvolvemento.

E vostedes, señor Castro, perden a ocasión de mostrar altura de miras, o que traen aquí é unha iniciativa que se converte en rañicas e en cativreira. Vostedes non queren facer unha ordenación do monte senón resolver un problema puntual e concreto de asociacións de montes en man común, moi concretamente das asociacións de carácter periurbano e cinguido ó uso deportivo e as responsabilidades que se podan derivar.



Evidentemente que estas circunstancias son importantes e hai que tomalas en consideración, pero no momento actual o que vostede plantexa non é máis ca unha perda de tempo, e non é máis ca unha maneira de enredar un marco legislativo xa de por si engorroso e complicado.

Di que a Xunta debe facerse cargo deste interese, e de feito xa o está facendo señor Castro, o que pasa é que o está facendo cun criterio totalmente diferente que é dar resposta ás necesidades sociais a través da elaboración dun plan forestal próximo a ingresar no Parlamento de Galicia, onde se debaterá e onde terán, vostedes e tódolos axentes sociais, oportunidade de plantexar as iniciativas para a mellora da regulación do monte.

Pero enredarse agora nunha ordenación parcial non é o momento, o que se necesita é unha ordenación integral non unha ordenación do monte a través da conxunción de reinos de taifas; hai que establecer primeiro o marco legal, as directrices xerais de ordenación do monte, e despois ir incorporando as reformas legislativas de maneira paulatina e de maneira que respondan a ese obxectivo xeral de valorización do monte. O contrario é seguir instalados no minimalismo, facer o que vostedes propoñen é realmente resolver un problema moi puntual e moi concreto que non ten transcendencia co obxectivo fundamental que se persegue co plan forestal”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Luis Raposo Magdalena, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Teño que dicir que non sei se é a pereza, se é a ineficacia, o que sucede con isto, pero o que está claro é que hai que regular determinados usos e determinada ordenación do monte. A verdade é que dende hai bastante tempo está habendo problemas en determinadas zonas de Galicia, sobre todo en zonas periurbanas onde estes usos que se están facendo do monte xeran problemas entre comuneiros e entre persoas que están practicando ese tipo de deporte, que ás veces ese deporte se converte en pequenos vandalismos que ós comuneiros non lles gusta moito.

En Galicia temos bastante territorio en montes comúns e montes non comúns nos que collemos todos, e polo tanto creo que se pode levar adiante un certo deporte nel pero ten que estar regulado, porque se non hai regulación sempre pode haber grandes abusos. E a deixadez neste caso da Administración que lle corresponde levar adiante estas cousas, que non é máis cá Xunta de

Galicia, leva consigo que ás veces xeran enfrontamentos entre os donos do monte e os usuarios destes deportes, xeran pequenos problemas, e nalgúns accidentes que logo non se sabe quen se ten que facer cargo dos gastos que podan ocasionar. Entonces entendemos que o antes posible hai que facer unha regulación destes eventos que se realizan nos montes, e deste tipo de deportes que, aínda que parece ser que os comuneiros non o ven mal, hai que buscar un bo marco para que se podan levar adiante este tipo de eventos.

O monte en Galicia xera moitos ingresos, e é un tema que debemos cuidar, especialmente as administracións que, a través dos seus regulamentos, teñen competencias. Hai outros problemas no monte, como é o problema da ordenación, do que tamén se falou, que se deben levar adiante, pero o Partido Socialista vai apoiar esta moción porque leva tempo con problemas entre comuneiros e persoas que usan o monte para outros temas, e vemos conveniente que se regule o antes posible”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Eu creo que está claro cal é o obxectivo desta proposta. O Sr. Baamonde é certo que nos fixo un repaso histórico, e controla moito toda a historia dos montes, o que está moi ben, pero aquí hai un problema actual, aínda que dicía que chagabamos tarde, pero é que non é un problema actual de hai dous días, seguramente a pandemia veu empeorar porque o uso foi máis masivo, pero é un problema que levan abordando comuneros e deportistas dende hai ben anos. De feito creo que sería moi positivo regular porque alí nos sitios que se chega a acordos, e Sarria é un bo exemplo dun clube ciclista que chegou a acordos cos comuneiros de varios montes, pois practicase alí o deporte da bici de montaña moi habitualmente cun respecto esquisito ó monte, que ademáis está máis vixiado e máis limpo; e ademáis, debido a iso, xera unha actividade económica ó pobo de Sarria que, antes destas limitacións perimetrais, recibía innumerables visitas para practicar neste caso o deporte da bicicleta.

Polo tanto non se trata só de limitar os abusos, que é unha parte moi importante, senón tamén baixo unha seguridade xurídica propiciar eses novos usos sempre e cando sexan respectuosos co monte e coa propiedade dos veciños, que na maioría dos casos é así, e ademáis é



bo promocionar ese tipo de deportes, é indirectamente unha actividade económica para os concellos onde podan ter este tipo de montes apropiados para estas actividades. Polo tanto o que demandan os comuneiros é unha lexislación para sentirse seguros, para saber, no caso de que alguén se mancara nunha bici se eles teñen responsabilidade ou non, e ter cobertura.

E nada choca co que dicía o Sr. Baamonde dunha reforma; pero ó final sempre nos escudamos, como falabamos o outro día da silicose, que era moi complicado, agora que estea incluído nun macro proxecto; pois nós cremos que isto é urxente, e non é de agora senón que leva anos producíndose ese rifirafe, e cremos que por moito que teñan un megaproxecto, que xa o veremos, e se mellora ou non os montes, que isto cun pouco de vontade era sinxelo de solucionar e de dar seguridade xurídica, como dicían tanto os propietarios dos montes como aquela parte da sociedade que quere usar e disfrutar dos montes con respecto. Polo tanto cremos que iso aportaría actividade económica e deportiva e seguridade ós comuneiros. E nada choca con ese megaproxecto de que falaba, que será moi interesante, non llo discuto”.

Intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Fala o señor Castro de que se o Partido Popular se desculpa, non, señor Castro, o Partido Popular en relación coas súas iniciativas nunca busca desculpas senón que o que busca é tratar de solucionar o problema. O que pasa é que moitas veces a nós sorpréndenos a forma de plantexar os problemas por parte do Bloque Nacionalista Galego; que por certo aquí se ten falado en intervencións anteriores do papel da oposición, falaba a señora Porto da demagogia do Partido Popular e de que se adicaba unicamente a poñerlle deberes ós demáis; non, miren, aquí o que hai é deseñada unha estratexia por parte do goberno provincial que é a de confrontar directamente coa Xunta de Galicia, utilizando a vella táctica de buscar un inimigo que permita servir de molde de unión e que permita desculpase.

Todo iso ademáis fano cunha táctica ben establecida, o Partido Socialista confronta coa Xunta naquelas cuestións que teñen unha incidencia máis directa para a provincia; o Bloque Nacionalista con aquelas iniciativas de carácter máis xenérico e de referencia indirecta. Con elo o que están conseguindo é fortalecer a posición da Xunta de Galicia, cando a teñen que combater é

porque recoñecen que está facendo ben a súa función, pero están conseguindo un efecto nocivo para vostedes, que é perder a iniciativa, en lugar de converter á Deputación nun organismo de referencia para a provincia están convertendo á Deputación nun estrambote, están convertendo á Deputación nun organismo fósil que non é capaz de traer a estes plenos unha iniciativa ilusionante, unha iniciativa que sirva de motor de cambio, de tirón para a economía produtiva e o desenvolvemento da provincia.

E con esta iniciativa ocorre exactamente igual, claro que é o obxectivo regular eses usos do monte, pero neste momento onde se está demandando unha ordenación integral do monte entreterse en reformas puntuais e concretas non resolve absolutamente ningún problema, ó contrario, o único que fai é crear unha selva de disposicións legais e normativas que o único que fan é complicar a visión de conxunto.

A mín sorpréndeme, señor Castro, que vostedes, que sempre invocan a súa visión de país, nun tema de tanta trascendencia coma este queden nun apartado pequeniño en lugar de reivindicar a trascendencia enorme de monte ó carácter, incluso dentro da súa idea, nacional que ten o monte en Galicia, e opten por esa idea de resolver un problema concreto cunhas asociacións de montes, que está moi ben pero que non serve para nada no futuro.

Por iso nós non imos rexeitar a iniciativa porque a valorización do monte, o respecto ás asociacións comunais, o garantimos pero tampouco a podemos apoiar porque queda moi cativa e queda moi pequena. Polo tanto ímonos abster”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. José Luis Raposo Magdalena, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“A verdade é que teño que darlle a benvida á noticia que se dixo aquí de que vai haber unha reordenación integral do monte, a falta que lle fai dende hai moitos anos, porque iso podía contribuir a que non houbera o sistema do que tanto se fala estes días do despoboamento do rural, porque o monte está moi vinculado ó rural, e o rural neste momento e dende hai moito tempo está a sufrir un sistema de despoboamento total e absoluto que o monte en gran parte podía axudar a curtar con este sistema, e non se fixo nada pola reordenación destas cousas, polo monte



especialmente e o territorio en xeral ó carón da zona rural, porque ver montes que hai un pastizal no medio do monte, ó lado hai unha finca de cultivo, e arredor todo monte, logo vese o tema do efecto que fai e os problemas que houbo e segue habendo coas ratas, e co tema da fauna salvaxe e o ataque ás gandeirías, que iso é debido a que cada vez os montes están máis preto dos pobos, e que non se fixo moito ou nada por salvar esta situación.

Todo iso xerou o que está xerando, unha despoboación total na zona rural, que non se botou man dela en ningún momento, pese a que sempre se lles enche a boca de falar en grandes administracións da despoboación, e o tema está ahí. Entonces creo que fai falla unha reordenación da realidade do monte e do territorio en xeral, e iso podería paliar moitas cousas; pero o que si está claro é que a moción o que di é que é urxente porque o tempo que vai tardar a reordenación pode ser longo, e que é urxente solucionar un problema que está dando disgustos e enfrontando ós propietarios dos montes con persoas que intentan facer un deporte no monte. Entonces, se non tarda moito a reordenación podía incorporarse aí, pero se vai para anos este é un tema urxente e entendemos que hai que sacalo adiante”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Pois ante o “agora non toca” do señor Baamonde o que hai é a realidade; como ben dicía o Sr. Raposo, que é coñecedor, isto é unha situación e un conflito que se está a dar tódolos días dende hai xa ben tempo, non estamos falando de hai uns meses senón de anos, e que nós consideramos que é urxente resolver porque se están enfrontando dúas partes da sociedade que poderían facer unha simbiose e non ese enfrontamento; e que cunha pequena regulación, que para outras cousas son super dilixentes, daría seguridade xurídica, o que aportaría tranquilidade por parte dos comuneiros, protección ante os usos indebidos do monte, e promoción do deporte, da natureza, e promoción económica en moitos sitios que, como digo, cando esa simbiose se consegue o que fai é moitas visitas a eses concellos.

Polo tanto ante o “agora non toca”, aquí o que queríamos non era confrontar senón que era unha petición razoable para a Xunta de Galicia que, coma sempre, recibimos un non”.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG RELATIVA ÁS MEDIDAS A TOMAR DIANTE DA NOVA ONDA DE CONTAXIOS POR COVID-19 E A ESTRATEXIA DE VACINACIÓN.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción relativa ás medidas a tomar diante da nova onda de contaxios por Covid-19 e a estratexia de vacinación.

Exposición de Motivos:

Todos os datos indican que estamos de cheo nunha terceira onda de contaxios por Covid 19, cando aínda non se tiña superado a segunda. A situación volve ser moi preocupante, nos últimos días están evolucionando negativamente todos os indicadores epidemiolóxicos. A día de hoxe a taxa de positividade media en Galiza xa está por riba do 10%, a incidencia acumulada por 100 mil habitantes está en 542,43, lévase varios días superando os 1.000 contaxios diarios e está aumentando preocupantemente a presión asistencial. Unhas cifras de contaxios, que están a reflectir os efectos da relaxación das restricións aprobadas pola Xunta co pretexto de “salvar o Nadal”, ao que hai que engadir a preocupación pola constatación da existencia en Galiza de persoas positivas ligadas a chamada “cepa británica”, con maior nivel de contaxio.



Esta terceira onda está a decorrer en parello co programa de vacinación iniciado a nivel da Unión Europea o 27 de decembro coa aplicación, principalmente, de doses da vacina do laboratorio Pfizer-BioNTech, tras ter emitido unha autorización de comercialización condicional por parte da EMA. Igualmente ven de facer o mesmo este 6 de xaneiro coa vacina de Moderna que é a segunda que se administra.

A campaña de vacinación leva uns 20 días e a información que se está publicando indica que o programa de vacinación estase aplicando con bastante máis lentitude do que se tiña anunciado, mostran un ritmo de inmunización moi por debaixo do planificado, o que fai poñer en cuestión que se vaian cumprir os obxectivos marcados. Os datos tamén mostran que o número de doses que está recibindo Galiza é porcentualmente das máis baixas tanto por poboación como por ratio de persoas maiores de 65 anos.

Os atrasos na vacinación e a velocidade do novo repunte de contaxios están xerando inquietudanza e preocupación, tanto na poboación como nxs profesionais sanitarixs, especialmente da Atención Primaria que se mantén asfixiada ao ter que abarcar toda a atención das patoloxías ordinarias, detección de novos casos, petición de PCRs, seguimento dos doentes positivos nos seus domicilios, e agora a campaña de vacinación supón unha presión adicional sobre estes profesionais sen que se coñeza cal é previsión de reforzo de profesionais, nin a formación prevista para as mesmas.

Estamos asistindo de novo á opacidade, falta de información por parte da Xunta de Galiza sobre unha cuestión de máxima relevancia, polo que son moitas as incógnitas que xorden e que precisan clarificación.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón que polo Pleno desta Deputación de Lugo se adopte os seguintes acordos, instando o Goberno galego a:

1. Ampliación do persoal tanto nos centros hospitalarios como de atención primaria, e ampliación das camas UCIs, -tendo en conta ademais que a saúde da cidadanía non se limita ao virus-.

2. Presentación no Parlamento galego dun plan de vacinación detallado e transparente para abordar con garantías un dos maiores retos que ten que atender o SERGAS, como é o de vacinar a toda a poboación no menor prazo posibel.

3. Que se endurezan as restricións adoptadas na medida que sexa preciso, coa finalidade de que a coincidencia da terceira onda de contaxios por Covid 19 e a campaña de vacinación contra a mesma non colapsen o sistema sanitario galego”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Traemos unha moción e unha proposta que oxalá non tiveramos que traer, pero a verdade é que a expansión da pandemia e os números que se están a producir en Galicia e no resto do Estado asustan e sacan a colación que algo non estamos facendo ben, algunhas autoridades non o están facendo ben, e algo a sociedade tampouco o estamos a facer ben.

Ante as idas e vidas do Presidente da Xunta de Galicia de pasar de criticar o Decreto do Estado de Alarma porque ía ser catastrófico para a economía, “temos que salvar o Nadal”, despois do Nadal resulta que tiña que ter lexislado de xeito máis estricto porque como el non lexislou agora a culpa é da sociedade. E ante estas idas e vidas, por exemplo este venres di que vai mal a pandemia e que vai haber que tomar medidas drásticas, e en vez de tomalas vaise de fin de semana e tómanse o luns pasado, entrarán en vigor mañá; estas son situacións que o Presidente en vez de coller as súas competencias e liderar a loita, e non imos facer demagogia porque sabemos que é moi difícil e que en tódolos lados está custando reter o virus.

Pero o que si está claro é que o que hai é unha estratexia errática da Xunta de Galicia onde, cando chegan as restricións por parte do Estado ou doutras adminsitracións que critica, e cando as ten que aplicar el aplícaas tarde; e ante iso a sociedade está perdida. Polo tanto demandamos o que demandamos na moción de proposta de Grupo, e é que a Xunta, encabezada polo seu Presidente, teña liderazgo, altura de miras, e que nos leve a unha situación que todos podamos comprender. E



de aí todos estamos vendo que a sanidade vai chegar ao colapso, e o número que din incluso os propios profesionais da Xunta, a zona sanitaria de Lugo xa está recibindo dende hai ben días doentes doutras zonas que xa están saturadas.

Polo tanto pedimos que amplie o persoal, que se adianten á pandemia, e que reaccionen, porque ó final recordamos todos aquel hospital de campaña que se montou e que non serviu para nada, nada máis que para o mediático, e agora que estamos con números peores no noso país a reacción está sendo cando menos tibia.

E outra petición de toda a sociedade e dos Grupos da oposición, nomeadamente do BNG, no Parlamento Galego, é que se presente no Parlamento Galego cal é o plan detallado de vacinación, porque ante un montón de casos de vacinacións irregulares, ou de xente que non toca, onte mesmo descubrimos o caso do equipo directivo do hospital da Mariña que ó parecer se vacinou sen tocarlle; pois que o Presidente nos diga ás galegas e galegos cal é o plan de vacinación, cales son os seguintes Grupos ós que lle toca, a quen lle toca ou non, e cremos que iso é algo máis que razoable.

E tamén pediamos que se endurezan as medidas e as restriccións, e que fagan caso, pero que ademáis non se faga tarde, porque sempre imos como despois da onda; anuncian a semana anterior que está moi mal e que para a semana seguinte tomarían medidas, pois o virus non espera unha semana, se xa están dicindo que hai que tomar medidas duras e restrictivas tómenas, non se tomen as fins de semana no medio dunha pandemia; tomen medidas que a xente comprenda.

Polo tanto creo que esta moción é un berro da sociedade que está perdida, que non entende ó Sr. Feijóo, porque só busca quen é o culpable de non sei que, cando eles teñen as competencias, e dea claridade de cales son as medidas que se van tomar, que se adianten á pandemia, que sexan duras e que, como dicíamos na proposta de goberno, vaian acompañadas de axudas coma o nomeado modelo alemán, e que sexan abertos e non agochen que é o que queren facer coas vacinas e cal é o plan de vacinación, e que non sirva de cobertura esta falta de información sobre o plan de vacinas para aqueles que queren saltar a cola das vacinas, xa dicíamos que por todo o Estado son miles de casos, pero antonte mesmo saltaba á palestra esa vacinación irregular do equipo directivo do hospital da costa.

Polo tanto cremos que é unha moción que se pode apoiar e que o que vén é intentar poñer claridade, xa non digo solucións, que tamén, pero poñer claridade de cal é a estratexia que ten o goberno galego para loitar contra esta pandemia que tanto dano nos está a facer”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Unha vez máis atopámonos cunha nova moción, neste caso do Bloque Nacionalista Galego, cargada de oportunismo, coa que pretenden utilizar agora a terceira onda da pandemia para facer política, solicitando ademáis medidas que están en marcha e ademáis vostedes son coñecedores de que están en marcha; e ademáis foron partícipes da exposición que se fixo en relación a estas medidas.

Din vostedes “oxalá que non tiveramos que traer isto a Pleno”, isto tráeno porque queren, vostedes o que queren é marear a perdíz, e ademáis en algo teñen que invertir o tempo libre, quedaban moito mellor se nos dixeran que a traen aquí por cubrir o cupo.

Vostedes din que se presente o plan de vacinación no Parlamento Galego, e son perfectamente coñecedores de que a Xunta de Galicia presentou o plan de vacinación no Parlamento Galego o pasado 17 de decembro de 2020 por parte do Conselleiro de Sanidade, e explicoulles o plan a tódolos Grupos Políticos con representación, e resolveulles as dúbidas plantexadas; todo elo unha vez remadado o Consello da Xunta de Galicia.

E esta pregunta podería entenderse se a fixera un veciño, unha asociación, un grupo, etc., pero que a faga unha formación con representación no Parlamento, que estivo presente a través dos seus voceiros cando se presentou este plan, só se explica dende o punto de vista que eu dixen antes, vostedes veñen aquí facer perder o tempo a quen traballa.

Son coñecedores ademáis de que o plan galego de vacinación está publicado na páxina web do Sergas; e son coñecedores ademáis de que, aparte dos Grupos Políticos, se lle presentou por parte do Conselleiro de Sanidade ós presidentes dos Colexios Oficiais de Médicos e de Enfermería



das catro provincias galegas. E vostedes tamén son coñecedores de que máis recentemente, o día 15 deste mes de xaneiro, a directora xeral de saúde pública da Consellería de Sanidade, Carmen Durán Parrondo compareceu por iniciativa propia na comisión de sanidade do Parlamento de Galicia para informar sobre este plan de vacinación, vostedes tamén tiveron representación nesa comisión de sanidade.

Nesa comparecencia manifestoulles que a previsión era que na segunda quincena do mes de febreiro xa se terían administradas as dúas doses da vacina ós grupos de poboación prioritarios é dicir a maiores e a profesionais. Explicoulles que as persoas a vacinar na primeira fase eran 24.000 residentes e 17.500 traballadores dos centros sociosanitarios, distribuídos en 556 centros. Posteriormente tería lugar a vacinación de 25.000 profesionais do ámbito sanitario público e 1200 da sanidade privada.

Explicoulles igualmente que se formaron máis de cen equipos de vacinación, cadaún deles composto por dúas enfermeiras con experiencia previa en vacinacións. Púxoselles de manifesto a tódolos Grupos Políticos que coas 18.525 doses que chegaban semanalmente a Galicia a Xunta xa tiña vacinado naquel momento un total de 19.500 residentes e 13.900 profesionais dos centros sociosanitarios. Polo tanto só cabe dicir, como xa dixemos, que vostedes veñen aquí confundir e enganar á xente.

E ademáis protestan polo endurecemento das restriccións, pois ben, o BNG pretende sacarlle partido ós titulares da Xunta porque se en data 13 de xaneiro a Xunta anunciaba un endurecemento das restriccións baseado en adiantar o toque de queda ás dez horas da noite, pechar a hostalería ás 6 da tarde, e limitar as reunións a catro persoas, vemos que dez días despois o BNG pretende apropiarse das medidas adoptadas pola Xunta de Galicia unicamente coa finalidade de facer unha petición a modo exclusivo.

Nós pensamos, e coma nós a maior parte da poboación galega, que as medidas adoptadas por parte da Xunta son adecuadas á realidade da situación epidemiolóxica, e progresivamente ó avance da situación epidemiolóxica, pero sobre todo foron adoptadas de acordo co recomendado polo comité clínico sen intervención de políticos, é dicir decisións clínicas. Tódolos concellos galegos naquel momento a un nivel medio-alto de restriccións, mentres que sesenta deses concellos

que representan un 47% da poboación de Galicia situáronse no nivel máximo con limitación de mobilidade, prohibición de atender dentro dos locais da hostalería, e o peche perimetral individual. Pero é que aínda máis recentemente, hai cinco días, a Xunta anunciou un endurecemento moito máis estricto co peche da hostalería e actividades non esenciais en concellos con cifras máis altas, medidas que entran en vigor esta mesma noite xa que tódolos concellos entran no nivel máximo de restriccións, o que implica o peche perimetral entre eles, peche total, peche da hostalería, etc.

O problema neste sentido, e vostedes sábeno, é que moitas autonomías están atadas por culpa da falta de decisións do Goberno Central, e vostedes son coñecedores de que nestes momentos o Goberno non permite ampliar o toque de queda ás Comunidades Autónomas, o cal é totalmente erróneo, por iso algunhas autonomías, e vostedes sábeno, en concreto nove, entre as cales está Galicia, solicitaron adiantar o toque de queda e non lles foi permitido. Polo tanto o que teñen que facer vostedes, o que ten que facer o Bloque Nacionalista Galego, é pedir o endurecemento das restriccións a quen non permite que se endurezan as restriccións, pero non a unha Comunidade Autónoma que dende o inicio da pandemia está adaptando tódalas restriccións en función do avance da situación epidemiolóxica”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Todos somos conscientes de que saír o mellor posible desta pandemia, polo tanto desta crise, é responsabilidade de todos, do conxunto da sociedade e de cadaún de nós como individuos. Pero nesa individualidade non podemos esquecer a que ten cadaún dos responsables públicos, porque en definitiva somos os que temos a capacidade de actuar como representantes públicos, e nalgúns casos, dependendo do cargo que ocupen, tamén como autoridades.

Polo tanto a mín non me queda outra máis que evidenciar nesta intervención a falla de liderexgo que ten a Xunta de Galicia, porque antes das eleccións autonómicas todos lembramos como lle pedía reiteradamente ó Presidente Sánchez que lle entregase as competencias, todos recordamos como ó día seguinte de ter as competencias as Comunidades Autónomas xa llas regalaba de novo ó Estado, e todos somos conscientes de que o Partido Popular en Galicia leva un ano cunha estratexia errónea absolutamente partidista na loita contra esta pandemia, unha estratexia



que basearon en non ter en conta as ofertas de colaboración que se fixeron dende a oposición e dende outras administracións, unha estratexia de desinformación ou información sesgada en favor do Partido Popular e un goberno que se preocupaba por exculpar ó goberno galego dos malos resultados da súa xestión e de rendir contas ou desenvolver estratexias sanitarias eficientes, senón non temos máis que lembrar como Feijóo renunciaba reiteradamente a pronunciarse no Parlamento Galego e a rendir contas sendo Presidente como é na Xunta de Galicia.

A primeira ola estivo marcada polo abandono dos maiores nas residencias, illados, lonxe das súas familias, mesmo recentemente vimos como unha familia enterraba a unha finada que non o era, ou como outra pensaba que tiña unha familiar viva e estaba falecida por Covid había xa uns días. Despois do verán, logo do resultado das eleccións autonómicas, o Presidente da Xunta de Galicia admitía dalgún xeito os erros cometidos, e para iso o que facía era, despois de acadar a victoria electoral, cesar os principais cargos de maiores en política social, como ós conselleiros de sanidade e de educación; cesábaos, poñía a responsabilidade, admitía o erro, nestas persoas.

Pero non só facía iso senón que deliberadamente retrasaba o nomeamento dos seguintes, e así o curso escolar comezou con máis ou menos normalidade grazas ó esforzo dos docentes e das familias; na sanidade, a improvisación non foi menor ca en educación, e entonces vímonos tamén nunha situación da sanidade en atención primaria que está moi prexudicada en toda Galicia, sobre todo no medio rural no que as persoas maiores non son adecuadamente atendidas, nas que moitas patoloxías que tiñan que estar sendo miradas, enfermos que padecen patoloxías graves, serias, severas, ven retrasadas as súas consultas porque están os hospitais absolutamente colapsados a causa da Covid, e isto non é froito dos últimos días, hai consultas que se veñen retrasando por períodos de seis e oito meses, incluso un ano dende xa hai meses, e non se lle pón ningunha vía de solución.

E enfrontámonos a unha segunda ola sen datos fiables, o único que nos ofrecía a Xunta de Galicia eran uns mapas de cores como única ferramenta da que os Alcaldes de tódalas cores políticas reiteradamente dicían que non era ferramenta suficiente para loitar entre os seus veciños e veciñas, nas que non había uns criterios claros para pechar perimetralmente uns concellos fronte a outros, porque o número de casos por cada cen mil habitantes non se utilizaba do mesmo xeito en

tódolos concellos, e agora a ineficiencia estase vendo nesta terceira ola, e estase vendo tamén co sistema de vacinación.

Falaba o señor Balado do plan de vacinación de Galicia, eu acabo de abrir a páxina web do Sergas e encóntrome un plan de vacinación con 54 páxinas, no que se nos di cales son as vacunas que hai no mercado, no que se indica como hai que administralas, un montón de teoría. Pero se imos ó práctico, o que queremos saber os cidadáns, os galegos e galegas, non existe, non consiste en dicir primeiro os maiores, despois os que os atenden, logo os sanitarios, imos chegar a un 80% dos coidadores de persoas maiores en residencias, ou a un 80% dos sanitarios.

Un plan de vacinación para a maioría da poboación non significa iso, significa garantías de non contraer a enfermidade, e iso non se está ofrecendo nese plan de vacinación, señor Balado. Hai que facer un cronograma, hai que fixar datas, hai que fixar obxectivos, e ver se se cumpren ou non se cumpren; e nós, os galegos e galegas, o único que queremos saber é se a nosa sanidade pública nos pode ofrecer esta protección. E eu preguntome, vostedes, que son grandes defensores da sanidade privada, querenme explicar porque non recurren neste momento a enfermería da sanidade privada para ampliar o número de vacinacións?, é unha pregunta que me fago eu, porque creo que si están preparados para facelo, se os hospitais privados nos serven para operarnos tamén nos poden servir para vacinarnos.

Eu creo que a Xunta de Galicia ten que tomarse en serio todo isto, que chegou o momento de non utilizar constantemente a propaganda para facer eloxio dos logros de Feijóo que non son reais, e teñen que plantarse diante da poboación e dicirlles cantos van vacunar, cando os van vacunar, a quen van vacunar, se os doentes crónicos van ir nunha orde ou noutra, e sobre todo poñer datas, porque se poñemos datas temos obxectivos, e a partires de aí poderemos saber se se está cumprindo ou non.

Recordarlles tamén que as competencias, aínda que a vostedes non lles guste falar desta palabra, neste país están claras, e en materia de sanidade son da Xunta de Galicia, quen contrata os médicos, quen fai hospitais, quen organiza a sanidade, quen convoca as prazas, é a Xunta de Galicia. Polo tanto é quen ten as responsabilidades e quen ten que dar resposta nesta terceira ola e tamén en todo o proceso de vacinación sen seguir errando constantemente”.



Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Sr. Balado, vostede quixo facer aquí como que a oposición non nos enterabamos do que se presentara no Parlamento Galego, e é que vostedes están acostumbrados á propaganda, e presentan algo, que pouco máis ca é unha nota de prensa, que é o que leu vostede aí cos datos, pero en verdade o que lle reclamou o Grupo autonómico do BNG e outros Grupos da oposición, é que sexa un plan crible, serio, onde estean os datos porque hai unha serie de preguntas que, como dicía a señora Porto, e lle volvo dicir eu, que non están aí.

Cantas persoas van contratar para abordar a vacinación de toda a poboación galega?, que infraestruturas se van usar?, que calendario imos ter para esas vacinacións?, porque o que chegou ó meu Grupo son unhas declaracións do señor Presidente que viña falar de que se ía encargar parte dese aumento da carga de traballo da vacinación a enfermeiras voluntarias, falaba de duascenas enfermeiras voluntarias, ó día seguinte falou de dúas mil, que recordaba un pouco a esa multiplicación dos pans e peixes que houbo como cos rastrexadores, que pasamos de cincocentos a sete mil, e despois resultaba que nin sete mil nin nada.

Pois estas son as dúbidas que hai; eu entendo que a vostedes presentar aí unha serie de datos lles chegue como que iso é un plan de vacinación, pero o que demanda a sociedade e o que demandan os Grupos que non son do Partido Popular é algo serio, algo tanxible, onde nos digan canto diñeiro van destinar a isto para contratar persoal, e que infraestrutura se vai usar, aparte de ter claro cales son os grupos ou cal é a súa opinión de que os dirixentes se salten as colas para acceder á vacina.

Polo tanto, señor Balado, eu entendo que a vostede a propaganda do Partido Popular lle chegue, pero óo meu Grupo evidentemente non lle chega. Igual que queremos datos de como se van ampliar esas UCIs, como se está contratando ese persoal, e canto vai ser.

E nós non criticamos que se endurezan as medidas, nós criticamos que se vaia por detrás do virus, como leva facendo o Sr. Feijóo dende que empezou a pandemia, nós cremos que ten que ser

valente, e que evidentemente con ese endurecemento de medidas se son necesarias, como así din tódolos expertos, que vaia acompañada, igual có modelo alemán, de axudas para os sectores tan prexudicados que tampouco teñen que levar a carga económica senón van acabar por desaparecer.

Polo tanto, señor Balado, nós o que queremos é concrecións e non notas de prensa e propaganda do Partido Popular; se a vostede lle chega, nós non temos fe nin no señor Feijóo nin no Conselleiro, nós o que queremos é datos”

Intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“A mín sorpréndeme a intervención tanto da voceira do Grupo Socialista coma do señor Castro; porque escoitando á señora García Porto dá a sensación de que é unha auténtica profesional das campañas de vacinación, é máis, e que non fundamenta nin as súas críticas; dá a sensación, escoitándoos a vostedes, que queren teledirixir o plan galego de vacinación dende a Deputación Provincial de Lugo.

Pero mire, xa non estamos para crer milongas; visto o que dicía e facía o señor Illa, porque o peor de todo xa é poñer á fronte do Ministerio de Sanidade, como fixo o goberno de España, a un licenciado en filosofía e letras, con tódolos meus respectos, que se adique á súa materia, pero eu creo que unha persoa con esa titulación non está capacitado para dirixir un Ministerio de Sanidade dun país. Isto é simplemente un comentario.

E escoitando as críticas do señor Castro, dí que non lles gusta o plan, que queren datos; mire, vostedes teñen representación política no Parlamento Galego, o que pasa é que estaban durmindo ese día, ou non tiñan gañas de traballar como lles pasa moitas veces; ese día vostedes, e tódolos Grupos Políticos presentes na comparecencia do Conselleiro de Sanidade, puideron facer interpelacións, puideron facer preguntas, puideron saber cal era o plan de continxencia, puideron saber que número de persoas se ían adicar á vacinación; saben que hai máis de 2100 profesionais da sanidade de reforzo; saben que se contrataron outras duascenas persoas a maiores para os equipos de vacinación, porque se lles dixo ese día naquel momento.



E que un deputado provincial do BNG veña agora preguntando e interpelando no pleno dunha Deputación galega sobre uns datos que se puxeron de manifesto no Parlamento Galego un día determinado cando se presentou o plan, roza o absurdo; e non lle imos dicir que non fose educado nin correcto, pero dicímoslle o que lle dixemos antes, vostedes viñeron aquí única e exclusivamente a marear a perdíz, a encher o tempo, porque eu comprendo que evidentemente os salarios son grandes, tempo teñen, competencias poucas, pois evidentemente se teñen que adicar a facer algo, e a o que se adican é a falsear datos e a facer preguntas no foro onde non se teñen que facer, porque as preguntas que plantexa neste plano tiña que facerllas a súa voceira ó Conselleiro de Sanidade cando plantexou o plan galego de vacinación.

Eu só lle dou os datos que puidemos extraer, e que son públicos porque figuran na publicación que consta na páxina web do Sergas, eses datos son os que lles facilitamos. Pero eu creo, e vostedes sábeno ademáis, que a transparencia por parte da Xunta de Galicia foi absoluta, presentouse o plan o 17 de decembro, houbo unha interpelación e unha comparecencia da directora de saúde o día 15 de xaneiro, e vostedes teñen toda a información que teñen os galegos e galegas, e puideron solicitar tódalas cuestións”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Sr. Balado, o PP sempre coa súa eterna obsesión con Madrid e o Goberno Central, cando o teñen non fan nada, e cando non o teñen queren que os demais fagan o que vostedes nunca fixeron. O Sr. Illa foi un gran Ministro, así llo están recoñecendo tódolos españois e españolas, e non teño ningunha dúbida de que vai ser tamén un gran presidente da Generalitat de Cataluña; isto é simplemente un comentario, como vostede di.

Eu simplemente me vou cinguir ó que toca nesta moción que é falar do plan de vacinación galego, sen ser unha experta na materia nin pretender selo, simplemente entrando na páxina web do Sergas, abrindo esas cincuenta e catro páxinas, coma un traballo dun escolar, que é o que completa ese plan de vacinación, e eu voulle insistir na cuestión que lle dicía na outra intervención, a vontade de acción política non está plasmada nese plan, o compromiso da Xunta de Galicia cos galegos e galegas para a vacinación non está nese plan. Ese plan recolle o que os técnicos teñen que

poñer, pero quen firma, como dicimos moitas veces, os decretos, quen dá as instrucións, quen dispón dos fondos e di o que se vai poñer nun lado e noutro, é o político de turno, e neste caso é o señor Feijóo, que é quen vai dicir como administra os 165 millóns de euros que lle pón á súa disposición o Estado e a Unión Europea, para a loita fronte á Covid, para saír da crise os setores máis afectados pero tamén para traballar en materia sanitaria e darnos unha mellor protección ós galegos e galegas, señor Balado.

E iso é o que botamos en falta, moita propaganda, moita publicidade, pero non son vostedes capaces de dicirle ó seu Presidente da Xunta de Galicia que poña un calendario claro enriba da mesa e que diga cando vai vacunar, a quen vai vacunar, onde os vai vacunar, que teña un plan, unha estratexia clara para tódolos galegos e galegas, e que a amose sen pudor, e se nalgún momento hai que variala varíase en función da necesidade, e non pasa nada. Pero ten que ser máis claro, porque o que queremos todos é protexernos fronte a esta pandemia, nós e os que están ó noso arredor.

Se cadaún de nós é responsable, neste caso ó Presidente da Xunta tócalle selo porque ten as competencias, porque ten os recursos, e porque ten os cartos que lle pón a disposición o Estado, os galegos e galegas sairemos sen dúbida moito mellor da crise”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Eu non vou entrar nas descualificacións ou no estilo do señor Balado, falando de se son vagos ou non os meus compañeiros, está claro nas estatísticas de calquera das Cámaras en que temos representación que non resisten a comparación cos do Partido Popular, polo tanto é certo que os do BNG somos traballadores, e polo tanto por iso sabemos, porque os meus compañeiros fixeron todas esas preguntas que di vostede, e non están, é un plan baleiro. Polo tanto nós menos fe neste goberno temos de todo.

E volvendo á moción, porque a vostedes gústalles saír, non din que se vai ampliar o persoal da UCI, nin como van levar a cabo iso, non dixeron claro como van ser os criterios para levar a cabo ese plan de vacinación, e están sendo lentos ou covardes abordando as restriccións da



pandemia. Polo tanto o que se pide aquí é valentía política e tratar de frear esta terceira onda dun xeito que os galegos e galegas podamos entender”.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR EN DEFENSA DO SECTOR MAR-INDUSTRIA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular en defensa do sector mar-industria.

Exposición de Motivos:

A tramitación do proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética reactivouse en pleno estado de alarma e continúa a súa marcha sen diálogo co sector. É un proxecto que, tras a súa paralización, sigue xerando inseguridade ao complexo mar-industria ao afectar directamente, coa inclusión do artigo 18, ao prazo de duración das concesións no dominio público marítimo-terrestre, recollido na Lei de Costas.

A proposta contravén o principio de seguridade xurídica, polo que sempre se deu garantía aos administrados de que a súa actividade non pode ser posta en risco por cambios legislativos arbitrarios. É por iso que a falta de claridade do posicionamento do Goberno, así como a ausencia

de diálogo e de consenso co sector, mantén a incerteza sobre o futuro dunha Galicia costeira que se ve prexudicada de forma substancial.

No caso concreto da cadea mar-industria, das arredor de 100 empresas potencialmente afectadas son xa 29 (depuración de moluscos, conserveiras...) as que teñen ou terán problemas coa renovación da súa concesión, xa que o Goberno, neste contexto, non lles pode asegurar que a decisión última sexa hiperrestritiva, polo que a súa situación podería incluso empeorar, facendo inviables os seus negocios. Un dato que, cunha media de 100 traballadores por empresa, tradúcese en 2.900 empregos.

É dicir, a reforma podería levarse por diante a un sector que na última década aumentou as súas exportacións nun 80% e que converteu a Galicia na décima potencia mundial de produtos da pesca. Ademais, pode supor unha ameaza de paralización de todo o sector produtivo ou extractivo, e só as bateas e o marisqueo xeran máis de 15.000 empregos e moven máis de 200 M € na primeira venta.

Concretamente na Mariña afectaría, entre outras, a dúas cetáceas, dúas grandes piscifactorías: a de San Cibrao (Cervo) e a de Lago (Xove); afectaría tamén a algún edificio coma a Casa do Mar de San Cibrao e a un parque infantil, ademais da EDAR de Cervo, e a algunhas instalacións municipais de Viveiro; así como a proxectos de novas infraestruturas como por exemplo a depuradora prevista no municipio de Foz.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes acordos:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao equipo de goberno provincial a demandar ao Goberno do Estado e aos Grupos Parlamentarios con representación nas Cortes Xerais:

1. A supresión ou modificación substancial, previo diálogo co sector afectado, do artigo 18 do Proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética.

2. A acadar un consenso para que esta e calquera futura modificación da Lei de Costas se emprenda tras un estudo profundo e o indispensable diálogo co complexo mar-industria



alimentario, ofrecendo con iso un marco de estabilidade necesario para o mantemento dos investimentos e do emprego”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Hai exactamente un ano o Partido Popular trouxo a esta mesma Cámara unha moción de urxencia defendendo o sector mar-industria e alimentario que se vía prexudicado precisamente pola tramitación da modificación da Lei de Costas.

Naquel momento PSOE e BNG non deixaron nin debater a moción aludindo a que era un borrador e que polo tanto non había risco de que se producira a alarma que xeraba no sector e na Xunta de Galicia esa norma. Nós tamén apercibimos que naquel momento había empresas que tiñan solicitado prórrogas e que estaban vendo prexudicados os seus intereses porque estaban recibindo permisos con trabas que non tiveran con anterioridade. O asunto e que non se puido debater ese día porque non o quixo o goberno da Deputación, algo que lles podo asegurar que non lles gustou ós sectores que foron quen nos mandaron estas circunstancias.

Como saben, poucos meses despois entrou o estado de alarma; contrariamente ó que vostedes opinaron, o Goberno inicia a tramitación do proxecto de Lei de Cambio Climático de Transición Enerxética, e aínda así, é certo que tamén se paralizou a Lei de Costas, si que se incluíu neste proxecto de Lei o artigo 18 que segue a prexudicar os intereses das empresas na costa lucense. O artigo 18, que por certo ninguén sabe que pinta nesta norma de cambio climático, o certo é que está aí, e hai que volver falar de redución de prazos de concesión de uso da franxa marítimo terrestre, penalizando posibles prórrogas que si se consideran na Lei actual.

Polo tanto tiña razón o Partido Popular en non fiarse deste goberno que, a pesares de paralizar a Lei de Costas, seguen intentando coarnos pola parte de atrás, e sen consenso co sector, unha reforma que afecta especialmente ó futuro económico da costa lucense. En concreto se non se elimina ese artigo 18, que por certo os Deputados galegos no Congreso seguen defendendo que non afecta, a pesares da opinión do sector, estarían en xogo millóns de euros en inversións e centos de postos de traballo que dan varias piscifactorías que temos na costa, como as de Xove e San Ciprián,

e tamén algunhas cetáceas; poderían tamén ademáis verse afectadas as instalacións públicas existentes e futuras que dependen precisamente dos prazos de concesión da zona marítimo terrestre, como son as depuradoras.

É lóxico que non nos fiemos do goberno, non se fía o Partido Popular, non se fía o tecido produtivo nin os sindicatos, e tampouco se fía o BNG que ve como PSOE e Podemos incumpren reiteradamente o seu acordo de investidura. Incumpriron vostedes co estatuto electointensivo, do que non recolleron as alegacións que aquí aprobamos, incumpriron a Lei de Costas, incumpriron o brexit que penaliza a flota mariñá que foi moeda de cambio no acordo, e incumpriron tamén coa Terra Cha e cos traballadores de Endesa-As Pontes que non teñen alternativa ó peche.

Como nos imos fiar de vostedes se o propio Sánchez anticipou que a sociedade PSOE-Podemos lle traería pesadelos e falta de sono; e así está pasando, especialmente con este Ministerio intransixente ideolóxico que está sendo fatídico para os intereses económicos da nosa provincia. En Pontevedra xa se están mobilizando, Sr. Presidente, e son novamente os sindicatos os que están pedindo que se retire o artigo 18 como está a facer o Partido Popular no día de hoxe.

Dígollo moitas veces, señor Tomé, acórdese do seu pasado sindicalista, prime os intereses da industria e dos seus traballadores contra a persecución ideolóxica dos socios de Sánchez, xa sabemos que lle van facer moi pouco caso, demostrouno xa moitas veces, co estatuto electointensivo do que non se aprobaron as alegacións, cos orzamentos do Estado, pero alo menos apoie o que lle están pedindo os traballadores e as empresas lucenses.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Partido Popular propón ó Pleno da Deputación Provincial a adopción dos seguintes acordos:

A supresión ou modificación substancial, previo diálogo cos sectores afectados, do artigo 18 do Proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética. E en segundo lugar acadar un consenso para que esta e calquera futura modificación da Lei de Costas se emprenda tras un estudo profundo e o indispensable diálogo co complexo mar-industria alimentario, ofrecendo con iso un marco de estabilidade necesario para o mantemento dos investimentos e do emprego”.



A continuación intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Non vou ser eu o voceiro neste punto senón que será outra compañeira, así que fai ben preguntarme, pero de tódolos xeitos quero dicirlle que dicir que non aceptar as alegacións do Partido Popular é un incumprimento xa indica o rigor do resto dos incumprimentos que vostede di”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Nós nesta proposta do Partido Popular, como eles creo que xa supoñen, imos votar a favor, porque ademáis coincide coas demandas do BNG tanto no Parlamento Galego coma no Parlamento do Estado, de feito o pasado martes día 12 era o BNG o que na comisión de pesca do Parlamento de Galicia propoñía unha Proposición non de Lei para suprimir este artigo 18 do proxecto de Lei de Cambio Climático, e que o Partido Popular votou a favor con nós porque, como ben dicía, aínda que seguramente non en todo, e se se desenvolvera nalgunhas cousas non coincidiríamos, nisto si que coincidimos en que é un grave prexuízo para a industria, sobre todo o que ten que ver con mar-alimentación, cremos que non se tiveron en conta as especificidades desa industria que ten un peso moi importante na nosa provincia, e en toda Galicia.

E tamén cremos que unha Lei para o cambio climático e transición enerxética non é a vía para modificar a Lei de Costas, e polo tanto tamén nos unimos a esa petición de consensuar co sector e de ter en conta esa industria que existe xa e que está instaurada, que xera unha gran actividade económica, e que maioritariamente é respectuosa co medio ambiente e que forma parte da nosa escasa rede industrial galega.

Polo tanto nós temos que votar a favor porque cremos que é necesario que ese artigo 18 se elimine e que se fagan as cousas tendo en conta a industria galega e tendo en conta o sector; polo tanto é público que BNG e o Partido Popular neste punto coincidimos, así que nós imos apoiar esta iniciativa”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“O problema da normativa de Costas non é un problema inventado por ninguén senón que é un problema obxectivo, e derivado do prazo de trinta anos establecido pola Lei de Costas de 1988, e que as concesións na nosa costa comezaron no ano 2008, precisamente no ano no que chegaba o Partido Socialista ó goberno. Un problema que o goberno de Rajoy enfocou de forma chapuceira cunha reforma da Lei de Costas no ano 2013, vixente, e que se aplica actualmente xerando problemas e inseguridade.

Para atopar unha solución a ese problema obxectivo, o PSdeG mantivo diversas reunións nos anos 2019 e 2020 co Ministerio de Transición Ecolóxica, nas cales se recalcou a importancia da industria mar-alimentaria galega, aí estamos todos de acordo, a peculiaridade e o carácter estratéxico do tecido produtivo instalado na nosa costa, e a singularidade da realidade social e económica das nosas rías por contraste coa costa levantina.

Nestas reunións solicitouse ó Ministerio que se manteñan íntegramente as explotacións de todo tipo instaladas na costa galega, por considerar que o seu impacto medioambiental é moi baixo, e pola contra son o sostén de moitas familias, e xeito de vida ancestral e ben adaptado ó territorio e ó medio.

Tamén se solicitou que o tratamento das concesións destinadas a explotacións de uso produtivo que deben estar na costa como as conserveiras, instalacións acuícolas, depuradoras, cetáceas, etc., sexa máis favorable có que se lle dá ás concesións as residencias privadas que obviamente non teñen porque estar na costa. Con isto preténdese contemplar de forma distinta dúas realidades diferentes; a de levante, de uso maioritariamente residencial; e a de Galicia, de uso maioritariamente produtivo.

O Ministerio manifestouse receptivo coa posición do PSdeG ata o punto de paralizar a reforma do regulamento de costas que comezara a analizarse o ano pasado, adquiríndose ademáis o compromiso de levar a cabo esta reforma dende o diálogo e da man da industria mar-alimentaria de Galicia. Tamén se comprometeu o Ministerio a analizar cada situación de concesión pendente dalgún tipo de resolución, unhas vinte, non centos ou miles como afirmou falazmente a Xunta de Galicia, e das cales hai dúas instalacións parcialmente afectadas, coa máxima flexibilidade posible



e sempre buscando solucións, desafectación da parte afectada, realización de obras de adecuación, etc., que permitan manter a actividade.

Recentemente incorporouse no actual proxecto de Lei de Cambio Climático o artigo 18.4 que di: “Los prazos de duración de los títulos de ocupación del dominio público marítimo terrestre se computarán en todo caso desde su otorgamiento e incluirán todas sus prórrogas, de ser éstas posibles, sin superar los prazos máximos establecidos en la Ley 22/1988, de Costas y en la Ley 33/2003, de 3 de noviembre, de Patrimonio de las Administraciones Públicas..”. Este parágrafo ten sido utilizado demagóxicamente pola Xunta de Galicia e polo Partido Popular para alarmar ós titulares de todo tipo de explotacións na costa galega respecto ó perigo da penalización das súas concesións.

É completamente falso que o precepto deseñado vaia dar lugar á terminación das concesións polos seguintes motivos: en primeiro lugar porque se trata dun precepto xeral que afecta tanto a vivendas como a explotacións económicas, pero que depende do que diga a futura normativa de costas. En segundo lugar, é evidente que os prazos dunha concesión non poden superar os límites máximos establecidos na Lei, e tamén é claro que o cómputo se fai dende o seu outorgamento como teñen establecido diversas sentenzas e informes da avogacía do Estado. O prazo que establece tanto a Lei de Costas como a Lei de Patrimonio e que cita o artigo 18.4 é de 75 anos é moi superior ó que establece por exemplo a lexislación galega sobre o sector; así que este artigo 18.4 non limita o prazo.

Ademáis a finalización do prazo dunha concesión, e no seu caso das prórrogas desta, non impide a solicitude dunha nova concesión se se dan os requisitos para elo. Entre estes requisitos, tanto no caso de prórroga como no da nova concesión, está obviamente o cumprimento da normativa medioambiental. Por iso en todo caso a normativa de Costas está pendente dunha reforma que establecerá e delimitará os usos e prazos das concesións na costa, de forma que si deberá merecer a máxima atención do sector; por iso o artigo 18.4, neste caso é relevante considerado illadamente desa reforma.

En canto á súa futura reforma, o número de instalacións de todo tipo que poderían estar afectadas con algún tipo de individualidades é de vinte e non de centos de miles como se dixo

nalgunha ocasión, e esas instalacións non suman nin de lonxe milleiros de empregados como di a Consellería de Mar.

Por tanto non hai motivo para xerar alarma no sector, e é absolutamente irresponsable que a Xunta estea desinformando e creando unha alarma totalmente inxustificada”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Eu xa non lles digo que fagan caso das nosas alegacións, simplemente que fagan caso das alegacións do sector e dos traballadores, que por certo non fixeron caso nin co estatuto electrointensivo nin con estas mesmas.

Señora Loureiro, quéréme vostede explicar que ten que ver todo isto que me dixo co cambio climático e coa transición enerxética?, en todo caso terá que ver coa Lei de Costas, pero non nesta Lei de Transición Enerxética, na que os seus socios nos quixeron coar este artigo única e exclusivamente polo que dicíamos antes, por ideoloxía; polo mesmo que están a facer traizoando ós veciños de Vilalba e da Terra Cha que lles dixeron que ían ter un proxecto de continuidade para As Pontes e efectivamente non o hai, porque queren quitar As Pontes, non lles gusta a industria, e vostedes con este Ministerio de Cambio Climático e Transición Ecolóxica estanse cepillando precisamente a toda esta xente que molesta.

Con todo isto o que está pasando é que se están indo postos de traballo, vanse ir postos de traballo en Vilalba, vanse ir máis de mil postos de traballo en Galicia, pero é que vostedes queren quitar Ence de Pontevedra, que xa son eses mil postos de traballo. Esas piscifactorías na Mariña, e vostede sábeo ben porque somos veciños, teñen máis de douscentos postos de traballo, están pendentes non só de manter eses postos de traballo senón de facer moitas máis inversións.

Se o Estado vén aquí e pón artigos coma o 18 seguramente todas estas empresas o pensen dúas veces, xa non digo todas aquelas que están pendentes de renovar os seus permisos, claro que un dos grandes problemas é que se computa precisamente, como vostede di, dende o inicio do permiso, e o que quere o sector é que se compute unha vez se dea a prórroga, hai empresas que xa



levan moitísimos anos con esa concesión, e se vostedes lles dan un prazo mínimo có da prórroga, evidentemente non teñen seguridade xurídica; e que é o que queren as empresas?, seguridade xurídica, e non queren posturas medioambientalistas extremas como as que estamos vendo neste Ministerio, que están prexudicando moitísimo á nosa provincia. Pero se pódese, explíqueme que ten que ver este artigo 18 co cambio climático e coa transición enerxética cando fala de concesións na zona costeira.

Polo tanto isto foi algo que lles meteron aí, esperamos que recapaciten, que o quiten, e sobre todo que escoiten ós sectores. Señor Presidente, non escoite ó Partido Popular, simplemente eu aquí fago ás veces de portavoz de moita xente que se queixa precisamente deste tipo de políticas do goberno socialista, que son os sindicatos, e son tamén aqueles sectores produtivos que traballan na nosa provincia”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Eu non teño moito que engadir, creo que está claro nas declaracións do sector e de diferentes representantes políticos, que cando menos este artigo 18 vén preocupar e poñer en dúbida a viabilidade desa industria marítimo-alimentaria que está tan asentada nesta provincia e en todo o país galego.

Polo tanto nós estamos completamente de acordo con que hai que retirar ese artigo 18 e reformular esa Lei. E, como dicíamos, tampouco cremos que haxa que aproveitar unha Lei que nada ten que ver con costas, como modificar a Lei de Costas pola porta de atrás ou dunha forma velada; se hai que facer algunha modificación na Lei de Costas incluso ó mellor podemos estar de acordo, pero fágase como a Lei de Costas e non con estas medidas.

Por tanto nós estamos de acordo; si é certo que a redacción dos acordos é un pouco rara, cando é reclamar a outra Institución adoitase reclamar á Deputación de Lugo e non ó grupo de goberno, porque isto non é unha acción de goberno senón que é unha reclamación como Institución porque se aproba aquí. Polo tanto cremos que se podía ter redactado doutro xeito, pero deixamos ese apartado no anecdótico porque, como dicía, é público e notorio que o Bloque Nacionalista

Galego comparte estas demandas, fíxoas públicas tanto Nestor Rego coma representantes no Parlamento Galego do BNG, e compartimos esa preocupación e cremos que é importante tratar de frear o que pode ser un fin para esa industria ou cando menos unha traba moi importante para que perviva no tempo.

Polo tanto creo que o Goberno do Estado está a tempo de reaccionar, de entender que a industria galega ten unhas peculiaridades que seguramente non se dean da mesma forma no resto do territorio; por tanto respectar esas actividades que, aparte de supoñer unha grande actividade económica, non agreden especialmente o medio ambiente. E aínda que o señor Castiñeira metía polo medio a Ence, nós cremos que Ence é outra cousa, e que si atenta contra o medio ambiente, que ese tipo de industrias non deben estar aí, pero como o seu título era da industria mar-alimentaria, niso estamos completamente de acordo e polo tanto imos apoiar a moción”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Eu tamén me vou centrar na moción; e por certo señor Castiñeira na súa moción fala dun cambio lexislativo arbitrario, e o dicionario da Real Academia Galega define arbitrario como: *“que depende da libre vontade ou do capricho de algúen, que non está suxeito a regras ou razóns”*. Non estaría de máis dicirlle que en democracia os cambios lexislativos non son nunca arbitrarios, na medida que son leis aprobadas no Parlamento polos representantes lexítimamente elixidos.

O proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética non modifica a Lei de Costas do 88, e non introduce ningunha inseguridade xurídica. As empresas potencialmente afectadas e a Xunta entenden que o prazo de concesión debería ser de cento cinco anos, trinta anos de concesión inicial máis un tope de 75 anos que se conseguiría con tódalas prórrogas extraordinarias. O que pasa é que a avogacía do Estado, non a Lei que propón o Goberno, ten feito unha interpretación diferente e di que os 75 anos inclúen todo, isto é a concesión inicial e o total das prórrogas.

Así que a pelexa real no é tanto por un cambio legal como por unha moratoria de 30 anos máis que as empresas teñan que abandonar o dominio público da costa. A Xunta e as empresas



piden cento cinco anos e a avogacía do Estado di que só poden ser setenta e cinco. O PP afirma na súa moción novamente que a Lei do Cambio Climático xera inseguridade ó sector mar-industria porque afecta directamente, coa inclusión do artigo 18, ó prazo de duración das concesións do dominio público marítimo na Lei de Costas; esta afirmación non é certa, señor Castiñeira; e o peor de todo é que o PP está a culpar, coma sempre, ó goberno de Pedro Sánchez dunha modificación lexislativa que se debe ó goberno de Rajoy.

En resumo, a redacción orixinal do artigo 66 da Lei de Costas do 88 recollía unha concesión de trinta anos; pero o artigo 66 quedou modificado pola Lei de 2013 de Protección de Costas do goberno de Rajoy, e esa é a redacción que se mantén agora en vigor, e que por dúas veces se insiste en que o prazo máximo das prórrogas incluídas son setenta e cinco anos; esa é a realidade”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“Xa vexo que a Deputada Loureiro non é capaz de explicarme que ten que ver isto co cambio climático, é lóxico porque non o entende ninguén.

Tamén xa vemos que os deputados socialistas desta Cámara están en sintonía cos deputados do Congreso en Madrid, e en total desintonía coa opinión do sector e por suposto coa opinión de tódolos traballadores; e non o di o PP senón que o está dicindo todo o mundo, hai un risco importante de que isto se produza se non se cambia o artigo 18.

Antes a Deputada Pilar Porto falaba das discrepancias que poden ter algúns alcaldes do Partido Popular e Deputados co Partido Popular galego, é lóxico, nós temos criterio, defendemos ós nosos veciños, non dicimos que si a todo nin dicimos que non a todo, temos o noso criterio; vostedes teñen precisamente agora o momento de demostrar o mesmo que fai o Partido Popular, ter criterio e defender os intereses de tódolos lucenses máis cós intereses do Partido Socialista”

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 14 (emitidos polos señores Deputados do Grupo

Provincial do Partido Popular e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 10 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO PROVINCIAL A QUE ARRANXE AS ESTRADAS PROVINCIAIS NO CONCELLO DE CARBALLEDO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno Provincial a que arranxe as estradas provinciais no concello de Carballedo.

Exposición de Motivos:

A suxerencia de veciños e veciñas de Carballedo tráese esta moción ao Pleno da Deputación. Recentemente membros deste grupo desprazámonos ata catro estradas provinciais neste municipio lucense e comprobamos o seu mal estado; escoitamos as reclamacións veciñais para mellorar estas vías que coinciden coas das 6 asociacións de veciños que reclaman a súa reparación. O alcalde do Concello de Carballedo e alcaldes da comarca denuncian que pola deficiencia destas infraestruturas incluso se producen avarías nos vehículos. E, a instancia dos veciños afectados presentamos esta moción, na que se demostra, unha vez máis, que de norte a sur e de leste a oeste da provincia, o mal estado das estradas que dependen da Deputación provoca xustas protestas cidadáns.

É o caso de catro vías do municipio de Carballedo: LU-P 1001 (A Barrela por Castro a Os Peares), LU-P 1002 (A Barrela - Esmoriz), LU-P 1004 (A Barrela-Os Peares) e LU-P 1010 (A Touza á Granxa pola presa de Os Peares).



O mal estado destas estradas non é unha cuestión opinable, senón un feito obxectivo. A Deputación ten no municipio de Carballedo un total de 93 quilómetros de vías e só, tempo atrás, se levaron a cabo traballos de mellora dos firmes mediante aglomerado en oito quilómetros. Non se fixo máis, salvo arranxos puntuais para tapar algunha fochanca.

Neste caso concreto, en total son máis de 50 quilómetros que a institución provincial ten absolutamente abandonados; o que provocou que os veciños e veciñas deste concello do sur da provincia xa trasladasen formalmente a súas queixas ao presidente da Deputación.

Ante esta demanda, dende o goberno a resposta que se dá é habilitar unha partida de tan só 32.4000 euros para o seu arranxo; cantidade que, como resulta obvio, é totalmente insuficiente para acometer a mellora necesaria destas estradas.

Por estas vías circulan numerosos vehículos pesados, camións e maquinaria agrícola de distinto tamaño. Soportan o tráfico derivado da intensa actividade económica da zona, moi relacionada cos sectores agrogandeiro e vitivinícola. É evidente que se se quere fomentar o rural hai que mellorar as comunicacións. A puntual actuación que proxecta o equipo de goberno da Deputación non pasa de ser anecdótica.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes acordos:

1º. Instar ao goberno provincial a que atenda as demandas dos veciños e veciñas de Carballedo e dos alcaldes da comarca de Chantada relativas ao arraxo das estradas

“LU-P- 1001 BARRELA (N540) – Castro – Os Peares”,

“LU-P 1002 A Barrela (LU – P- 901)- Esmoriz – A Tilleira (LU - 213)”,

“LU-P - 1004 Castro (LU – P- 1001) – Temes – Os Peares (LU- P- 1001)” e

“LU-P 1010 A Touza (LU- P- 1001)- Presa de Peares - A Granxa (LU – P – 1001)” ,

e a ordenar os trámites administrativos oportunos para que:

– No presente trimestre leve a cabo a redacción dos proxectos e posteriormente a licitación e adxudicación das obras de mellora destas estradas provinciais.

– Na presente anualidade se executen ditas obras, de xeito que os veciños e veciñas de Carballedo e demais usuarios destas poidan circular de forma segura polas mesmas.

2º. Instar ao goberno da Deputación a manter un contacto permanente cos alcaldes e os representantes dos veciños máis directamente afectados”.

Intervén o señor Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Traemos hoxe aquí esta moción a petición de varias asociacións de veciños do concello de Carballedo; e quero saudalas expresamente porque sabemos que están seguindo o pleno pola canle de youtube, e non puideron desprazarse precisamente polas circunstancias da pandemia. Estas asociacións son concretamente a Asociación Aira de Bao da parroquia de Bao, Asociación San Miguel de Oleiros da parroquia de Oleiros, Asociación o Bubaíño da parroquia de O Castro, Asociación Veciños de Vilaquinte, Asociación sen fronteiras dos Peares, Asociación Capela Vixe do Rosario de San Mamede, e Asociación Amigos do Románico da comarca de Chantada. A todos eles únense tamén na súa reivindicación os veciños de todo o concello e a propia Corporación municipal encabezada polo Alcalde, que innumerables veces reclamaron o arranxo das estradas provinciais en Carballedo.

Concretamente a demanda que trasladaron estes veciños nun escrito de queixa, que debe ter vostede, señor Presidente, no caixón, é polo mal estado de varias estradas provinciais que pasan polo concello e que comunican o concello da Ribeira Sacra de norte a sur e que paso a nomear: LU-P 1001 de A Barrela por Castro a Os Peares), a LU-P 1002 de Castro a Cartelos, a LU-P 1004 de A Barrela-Os Peares, e LU-P 1010 de A Touza á Granxa pola presa de Os Peares.

Nós estivemos nesas estradas hai unha semana e desgrazadamente hai que darlle a razón ós veciños e ó propio Alcalde, ós cales agradezo a cordialidade que tivemos na visita. O trazado leva anos sen investirse absolutamente nada, son case que cincuenta dos máis de noventa quilómetros



que ten a Deputación de Lugo en Carballedo, nos que dá verdadeira pena ver o estado de abandono destas estradas. Un concello tan significativo na Ribeira Sacra que neste ano, ben sabe vostede, que quere ser Patrimonio da Humanidade, nun enclave natural precioso, cun patrimonio histórico enorme, e fronteirizo coa provincia de Ourense coa que manteñen unha extraordinaria vinculación, dende logo que non se merecen isto; un concello rural que o mínimo que desexa, señor Presidente, é ter unhas comunicacións dignas deste século e que lle permitan desenvolverse normalmente, e sen estradas vostede ben sabe que iso é imposible.

Esas estradas úsanse para desprazamentos de vehículos agrícolas e gandeiros, por servizos municipais e o transporte escolar, por veciños diariamente, e tamén por moitísimos turistas que desgrazadamente se queixan de que os accesos están moi mal.

A imaxe que se está a dar da Deputación é moi mala, tanto nos medios de comunicación coma nas opinións, como dicíamos antes, dos viaxeiros. Pero tamén lle podemos dicir que se rexistraron danos, e vostede sábeo porque atopamos nos decretos varias reclamacións deste ano por danos nesas estradas.

A reclamación que fan os veciños é tremendamente xusta, se queremos o rural debemos cuidalo, señores do goberno; antes falaban do rural e chamábanlle a atención á Xunta de Galicia, pero eu creo que vostedes teñen tamén bastante que facer pola provincia de Lugo. Os veciños non se queixan porque lles mandou o Partido Popular, como dixo o Presidente, non é certo; as asociacións que son fundamentais para a vida diaria das parroquias, e estas concretamente, son absolutamente independentes, teñen criterio, e por suposto, señor Presidente, teñen dereito a queixarse, acepte as críticas.

Di vostede que está arranxando esta vía con aproximadamente 32.000 euros, que está facendo creo que catrocentos metros de cuneta; iso non é o que lle piden os veciños, non xogue con eles, os veciños estalle pedindo un arranxo integral das catro estradas, e piden certezas, piden tamén compromiso do goberno e prazos de execución, que é o que traemos e queremos sacar con nesta moción.

Tamén piden que se restablezan as rutas do catamarán no encoro de Peares, que se retiraron, e o arranxo dos pantaláns, todos sabemos a súa odisea co turismo fluvial, non imos volver citar todas esas instalacións abandonadas, pero esta é outra máis precisamente do abandono que ten vostede do turismo fluvial.

Por todo o exposto, o Grupo do Partido Popular propón ó pleno da Corporación Provincial os seguintes acordos:

Instar ao goberno provincial a que atenda as demandas dos veciños de Carballedo e dos alcaldes da comarca de Chantada relativas ao arraxo das estradas “LU-P- 1001 A BARRELA – Castro – Os Peares”, “LU-P 1002 de Castro a Cartelos”, “LU-P - 1004 Castro– Temes – Os Peares” e “LU-P 1010 A Touza- Presa de Peares - A Granxa”, e a ordenar os trámites administrativos oportunos para que no presente trimestre se leve a cabo a redacción dos proxectos e posteriormente a licitación e adxudicación das obras de mellora destas estradas provinciais que vimos de nomear; e que na presente anualidade ademáis se executen ditas obras, de xeito que os veciños e veciñas de Carballedo e demais usuarios destas poidan circular de forma segura polas mesmas nun prazo medio. E instar ao goberno da Deputación a manter un contacto permanente cos alcaldes e os representantes dos veciños máis directamente afectados”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Fala o señor Castiñeira de cuidar o rural, pois pregúntelle ó seu colega alcalde de Friol, e tamén Deputado, que opina sobre como tratou o rural o señor Feijóo.

Vou iniciar a moción cunha certa ironía, porque chegou a moción do Partido Popular da estrada; lémbra-me moito estas mocións que vostedes presentan últimamente a esa canción de Julio Iglesias que di “que llueva y está mojada la carretera, que largo es el camino, que larga espera, kilómetros pasando, pensando en ella”; a agora falando en serio, non pensaron en ser un chisquiño máis innovadores e un pouco máis proactivos?, porque levan pleno tras pleno que o único que fan é coller a mesma moción, irse a outro concello, cambian o nome da estrada, cambian



algunha cabeza, porque o outro día eran 38, neste caso en Barrela quedaron en once, será que van perdendo fuelle.

Din nestas mocións que o abandono das vías provoca as manifestacións dos veciños, pero xa vimos que en moitos casos estas manifestacións eran xuntanzas organizadas polo Partido Popular; imos ser serios, o que non poden facer é escudarse detrás dos veciños, se quen facer algo dígano vostedes.

Porque me parece lexítimo que xoguen a liderar o Servizo de Vías e Obras, pero para iso primeiro teñen que gobernar, e de momento non o están a facer porque están na oposición, e ata fan mala oposición porque omiten moitas cuestións, e por suposto están faltando á verdade; non fai falla recordarlles o ridículo que fixeron en plenos anteriores, xa que nos está vendo xente das asociacións, como vostede di, pois que o saiban tamén, que xa presentaron varias mocións e fixeron o ridículo porque por exemplo coa ponte de Uríz nós xa tiñamos a tramitación pertinente, con Parabela vostedes piden que se anule unha licitación, e isto vén ser outro exemplo claro de que fan mal o seu traballo. E xa que nos están vendo os veciños, como vostede di, tamén explicarlles varias cousas. Agradecemoslles a súa preocupación polas infraestruturas, pero voulle dicir varias cuestións importantes.

Teño que lembrarlle a aposta que se fai nos orzamentos do ano 2021 nesta área de Vías e Obras; sei que isto fano por desgastar ó Presidente, pero non ten ningún sentido o que vostedes plantexan. Ademáis, concretamente no caso de Carballedo, que saiba vostede, os veciños, os Deputados, e quen queiran, que se está e se seguirá estando no marco do programa provincial de conservación de estradas, e que serán bacheadas e rexeneradas segundo proceda en base a criterios técnicos; iso poden dicirlllo ó Alcalde, ós seus Deputados, a eses que levan para reechar, ou a quen corresponda.

E tamén o invito a que falen do aglomerado en quente que botamos no entorno do embarcadiro dos Peares, ou dos máis de catrocentos metros de cuneta que xa se executaron no núcleo dos Peares para mellorar a seguridade. Por tanto creo que iso que vostede está dicindo non ten moito sentido, evidentemente hai moitos quilómetros de carretera, temos moito que arranxar, pero o Carballedo está íntegramente integrado, como están tódolos concellos desta provincia, no

plan de conservación de estradas. E eu entendo que teña que ir facer turismo, pero agora non mesture aquí tamén o tema do turismo

Creo tamén que convén dicirlle que estamos inmensamente agradecidos pola súa preocupación en que o Presidente manteña un contacto permanente cos Alcaldes e cos representantes dos veciños máis directamente afectados, porque se hai alguén que o faga precisamente é este Presidente, que fala con todos, escoita a todos, goberna para todos; oxalá outros Presidentes puideran dicir o mesmo, señor Castiñeira, porque eu creo que esta Deputación se por algo se caracteriza é pola lealdade institucional, o diálogo con tódolos alcaldes, incluídos os do PP, e ademáis por reivindicar aquilo que cremos que verdadeiramente lle corresponde a esta provincia.

Por iso lle digo que creo que se lían moitísimo, e xa me dirán que ten que ver este último apartado dos pantaláns coa moción que vostedes presentan das estradas, está mesturando churras con merinas; eu creo que sinceramente vostedes non se enteran, o único que fan, como dixen, é cambiar o nome do concello, cambian algunha xente que está na foto, sacan a instantánea, e con iso cobren.

De verdade, dicía o Sr. Balado que nós xogamos a confundir, pero vostedes están pero que moi confundidos; estamos a traballar polo concello do Carballedo, por mellorar as estradas e as infraestruturas non só do Carballedo senón de toda a provincia, e esa vai ser a nosa liña de traballo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Como dicía o señor Rivera a estratexia do Partido Popular ás veces é curiosa, pero ó meu Grupo, e a mín en persoa, tamén nos chamou a concelleira que ten alí o BNG, e estivemos pola zona de Carballedo, e alí os propios veciños tamén nos dixeron que estivera tamén o Presidente, entonces xa hai unha parte da moción que se pide que estaría cumprida.

O que é evidente é que hai algunhas zonas daquelas carreteras que necesitan reparación ou mantemento, como hai noutros moitos concellos, por desgraza a rede viaria provincial é moi



extensa e faise un gran esforzo en atender todo, pero o que non se pode é prometer cousas inabordables, e nós mesmos lles transmitimos que non se podía rexenerar firme novo para toda a extensión de vías provinciais que hai no concello de Carballedo, porque supoñen un 34% de todo o concello as vías provinciais.

O que si nos transmitiu o Servizo de Vías e Obras, aínda que non son competencias nosas, que estaba incluído nos plans de vías e obras e que se ían facer as obras necesarias naqueles puntos, o bacheo ou onde fora necesario rexenerar nas zonas que están máis deterioradas, e iso é o que o BNG pide e este goberno defende para Carballedo pero tamén para o resto de concellos.

Polo tanto nós non imos entrar nestas mocións porque para o Pleno que vén seguramente xa teñan preparada outra, e eu podía traer vías de Sarria, e outros xogar aquí ó localismo; pero aquí o que imos facer dende o goberno da Deputación é seguir traballando e esforzarnos en chegar sendo conscientes de que a rede viaria da Deputación é tan ampla que sempre vai haber algún roto por algún lado; pero o compromiso deste goberno é solucionar os problemas alí onde van xurdindo, e chegar o antes que se poda entendendo que os recursos son os que son. O compromiso está claro, tanto con Carballedo como con outros concellos, que é manter o mellor posible a toda a rede viaria da Deputación.

Polo tanto eu creo que non dá para moito máis este debate, este goberno vai seguir traballando no concello de Carballedo e noutros, e non mirando as cores dos que gobernan, todo o contrario que outros gobernos. Por tanto transmitirille, como xa fixen en persoa, ós que nos estean oíndo, o compromiso desta Deputación coas vías do concello de Carballedo pero coas vías de tódolos concellos da provincia.

Polo tanto creo que isto non dá para moito máis, nas vías que están mal de Carballedo e outras cando hai baches, porque os hai e non o imos discutir, pero o que imos tratar de facer dende este goberno é chegar a todos aqueles sitios e ir reparandoos”.

Seguidamente intervén o señor Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“Señor Ribera, creo que quen non se entera é vostede, e volvémosllo dicir, esta moción é unha petición dos veciños de Carballedo, de varias asociacións, nós o único que facemos nesta Cámara é precisamente para que cheguen aquí as súas voces e as súas demandas. E facémolo precisamente facendo o que nos piden eles. E vostede ten aquí precisamente o escrito das propias asociacións, e aí é onde fan esas demandas, alo menos cando lles chega podían lelo. Pero se non o vai ler, porque me parece que ten pouco interese, tamén podería mirar precisamente a propia prensa, onde os veciños de Carballedo lle están dicindo, señor Rivera, que a LU-P acapara críticas polo grave estado de deterioro do firme.

Polo tanto déixese de desculpas, de dicir que son do Partido Popular; xa o dicía o outro día o propio Presidente cando dicía que no Partido Popular metiamos á xente nas fotos; pois nesa reunión na que nós estivemos había xente do Partido Socialista, pode preguntar vostede alí; vaille pasar igual que lle pasou no concello de Paradela, onde despois os socialistas teñen que dicir que eles están a favor e vostedes aquí na Deputación non os defenden; vailles pasar exactamente igual porque os veciños de Carballedo que votan ó Partido Socialista, que ben sabe que son poucos votos, tamén teñen a necesidade de transitar por esas carreteras que están en moi mal estado. E Carballedo é da provincia de Lugo, efectivamente, e polo tanto necesítase que esas estradas estean ben.

E mesturamos o turismo porque se falamos do rural claro que é importante o turismo para todas esas persoas. Vostede non sei se foi alí, o Presidente si que foi, e a verdade é que fixo caso omiso, ademáis practicamente se riu dos veciños dicindo que con 35.000 euros lles arranxaba os problemas, o cal aínda foi moito peor.

O que pedimos é un arranxo integral, señor Efrén Castro, vostede estivo alí, vostede sabe o que lle pediron os veciños; fagan un proxecto, teñan vontade de arranxar esas estradas, os veciños levan moitísimos anos sen ter un arranxo, o último arranxo que se fixo foi con aglomerado asfáltico do plan de estradas que firmou precisamente a señora Candía para apoiarlles uns orzamentos; esa foi a última gran inversión en Carballedo. Se vostedes agora cren que con 400 metros de cunetas estes veciños van calar, eu creo que non, e para iso estamos aquí o Partido Popular precisamente para darlles voz e tamén voto, os nosos votos positivos para que se poidan arranxar esas estradas”.



Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a proposta presentada.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

9.- CONTA DAS RESOLUCIONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE.

Dáse conta das Resolucions da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta de decembro de dous mil vinte, que figuran inscritas no Libro de Resolucions numeradas dende o 4182 ao 4784. O Pleno da Corporación queda enterado.

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Por parte do Sr. Presidente maniféstase que hai tres Rogos e duas Preguntas presentados polo Grupo Provincial do Partido Popular, que se tratarán a continuación:

P R E G U N T A S

Primeira.- Formulada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa aos traballadores da extinta Suplusa.

Intervén para formular a Pregunta o Sr. Deputado D. José Antonio García López, membro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“A pregunta refírese a se é certo, se se está a estudar polo goberno provincial a posibilidade de subrogar na Deputación aos traballadores da extinta SUPLUSA, adicados ao mantemento das zonas verdes provinciais, agora en TRAGSA, rectificando así a decisión tomada no seu día e criticada por este grupo, para incorporalos ao cadro de persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo?”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Para este goberno garantir ós traballadores da extinta Suplusa o seu posto de traballo nas mesmas condicións foi unha prioridade dende o primeiro momento, o momento en que tódolos aquí presentes acordábamnos a disolución de Suplusa; isto pasou hai case un ano e medio, por certo que a vostedes naquel momento non se lles acordaron os traballadores e traballadoras, nós cumprimos con esas prioridades; a día de hoxe todos manteñen os seus traballos nas mesmas condicións das que partían, e calquera outra situación ou circunstancia que se poda dar será considerada co rigor e respecto que merece calquera posto de traballo”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, membro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Non se nos contestou se se está estudando ou non esa posibilidade de subrogalos”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Remítome á intervención no primeiro turno de resposta”.

Segunda.- Formulada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa aos convenios da extinta Suplusa.



Intervén para formular a Pregunta o Sr. Deputado D. José Antonio García López, membro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“A pregunta é se o señor Presidente ten tomada a decisión de anular todos os convenios que tiña asinados a extinta SUPLUSA, cos concellos da provincia, para a creación de solo industrial e centros de atención a maiores nesta provincia?”.

A continuación intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“O compromiso desta Institución, como lle acabo de dicir, é cos traballadores, neste caso coas persoas, así que, tal e como comprometeu o Presidente desta Institución, as residencias comprometidas serán unha realidade; os terreos que se compraron para polígonos industriais haberá que mirar caso a caso segundo nos indiquen os informes técnicos sobre o seu estado e a súa viabilidade.

Ademáis a mín aquí gustaríame recordarlles ós señores do Partido Popular que, segundo a Lei 40/2015, de 1 de outubro, aprobada polas Cortes no 2015, sendo Presidente do Goberno de España don Mariano Rajoy Brey, están caducados con data 2 de outubro de 2020, tal e como xa se informou a tódolos Servizos desta Institución, e á propia Suplusa cando vostede, ó igual ca min, señor García, estaba como liquidador da mesma.

E polo tanto o goberno do Partido Popular lexislou naquel momento a caducidade dos convenios, que agora vostedes pretenden defender, e eu invítoos a que chamen ó señor Rajoy e lle reclamen a el; nós con esta situación é coa que nos atopamos e lidiaremos en cada caso”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, membro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Entendo señora Porto que están dicindo que si que teñen tomada a decisión de anular tódolos convenios”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Non, señor García, o que dixo a señora Porto é que os convenios anuláronos vostedes coa Lei do señor Rajoy; lea vostede a Lei, que é onde se deriva xustamente o ordenamento xurídico”.

ROGOS

Primeiro.- Formulado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo ás instalacións da Escola de Piragüismo.

Intervén para formular o Rogo o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, membro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“A verdade é que non deixa de abraiarme que todo sexa culpa do Partido Popular; tamén é culpa do Partido Popular as instalacións deportivas da Deputación de Lugo na miña cidade, especialmente as de piragüismo precisan unha reforma integral das súas instalacións; poderíamos aproveitar precisamente esta pandemia para facer as obras, se os pequenos non poden entrar nos vestiarios por exemplo é un bo momento para facer a reforma dos mesmos, e deixar de facer moitas declaracións, moito turismo a Carballo para cumprir cos concelleiros do Bloque e despois votar en contra dos veciños.

Por iso este Rogo de que arranxen por fin e fagan unha rehabilitación integral da Escola de Piragüismo”.

O Sr. Presidente manifesta que se toma boa nota do Rogo formulado.

Segundo.- Formulado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á rúa José Antonio de Sarria.

Intervén para formular o Rogo o Sr. Deputado D. José Antonio García López, membro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:



“Trátase da rúa José Antonio, que é unha rúa urbana que atravesa Sarria practicamente de norte a sur, e realmente é unha estrada da Deputación Provincial, a LU – P- 5714 que une dous puntos da LLU-546 entre o barrio do Mazadoiro e Lamarrigueira, ámbolos dous barrios en Sarria.

O certo é que o mantemento desta estrada provincial o levou dende sempre, como titular que é, a Deputación Provincial, e a día de hoxe esta rúa urbana atópase totalmente despintada, cuns problemas de seguridade importantes, e xa houbo algún accidente con respecto a esta situación.

Polo tanto o que rogamos é que fagan o mantemento, supoño que nisto non lle botarán a culpa a Mariano Rajoy, e que pinten e teñan en condicións de seguridade esta rúa importante para Sarria”.

Terceiro.- Formulado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo ás estradas (LU-P 6103 e LU-P 6104)

Intervén para formular o Rogo o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Antes de nada, non sei porqué cando o Partido Popular presenta unha moción non hai último turno nin hai réplica, non entendín a súa decisión de non deixar o último turno dun minuto ó Partido Popular; entendo que foi unha equivocación, pero tampouco deu tempo a moito máis; non sei se pode explicarme o motivo”.

A continuación intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Foi un erro meu, prégolle que desculpe, e pode vostede usar ese minuto se o desexa”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Eu creo que é unha falta de respecto en todo caso, se foi un erro admitímosllo, para os veciños de Carballedo que evidentemente queren que as súas mocións leven o mesmo tratamento có resto.

Depois dese lapsus do Presidente, que ás veces como non lle gustan as cousas quere que corra rápidamente o Pleno, ímonos centrar no Rogo.

Con este Rogo o que queremos dicir é que as estradas LU-P 6103 e LU-P 6104, que, respectivamente, comunican Trabada con San Cosme de Barreiros e coa parroquia de Sante e, finalmente, con San Tirso de Abres (Asturias) presentan claras deficiencias no seu firme; sábese ben a Deputada socialista e alcaldesa de Trabada.

É, precisamente, este deterioro o que xera con frecuencia un risco para a circulación rodada e peonil. Isto ocorre na estrada que enlaza Trabada con San Cosme de Barreiros. Neste caso, a sinalización horizontal, máis que deficiente, é inexistente de tan deteriorada que está. Esta deficiencia é un problema considerable en todo o seu trazado, pero especialmente nos puntos máis altos, onde o mal tempo e a néboa son moi frecuentes; o que implica a necesidade de adoptar o antes posible as decisións necesarias para o repintado da sinalización horizontal e instalar reducidos de velocidade na parroquia de A Fórnea, para mellorar a seguridade, no punto no que hai un cruzamento nunha curva.

En canto á estrada que enlaza a capitalidade do municipio de Trabada coa parroquia de Sante (LU-P 6104), o risco de accidentes é aínda máis grande. Neste caso, xa houbo accidentes, o problema débese a unha deficiencia estrutural, porque a vía sofre varios afundimentos á altura de Xuga, onde xa ocorreu algún accidente de tráfico. A parte afectada polo afundimento está sinalizada, pero o risco é evidente.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Partido Popular formula o presente rogo para que o goberno provincial resolva, canto antes, os problemas nestas dúas estradas (LU-P 6103 e LU-P 6104) e mellore as súas condicións de forma que se garanta a seguridade vial, como demandan os veciños de Trabada”.



Seguidamente intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Dicirlle en primeiro lugar que lamentablemente accidentes hai en tódalas estradas, incluso nas autovías e nas autopistas, así que utilizar os accidentes como debate político me parece a mín que non é moi acaído; nas carreteras da Xunta tamén hai accidentes tódolos días lamentablemente.

En segundo lugar quería dicirlle, como voceiro, en relación co número de iniciativas que no Regulamento está prevista a presentación de dúas preguntas por cada sesión, igual que fixeron vostedes nesta ocasión e o veñen facendo; e é certo que non establece un número de rogos exactamente o Regulamento, pero a práctica, o costume, nesta Deputación era que se presentaran dúas preguntas e dous rogos, vostedes fixeron tres; tampouco pasa nada, pero deberíamos respectar o que é costume en relación co tema dos rogos nesta Casa.

E en relación con algunha das iniciativas que trouxeron aquí, algún rogo que traen hoxe, concretamente o de Sarria, quero dicirlles que os señores e señoras do Partido Popular, despois de varias iniciativas utilizando a espionaxe para ver onde facemos algunha obra, onde facemos algunha actuación, ou algún proxecto, para vir vostedes coa súa petición; eu diría que politicamente practican vostedes a política do furón, ulindo a ver onde hai algunha actuación e onde facemos algo dende o goberno para pedilo vostedes coma se fose unha iniciativa propia.

E esta rúa, deberían saber que tamén recibe o nome de travesía, porque cando unha vía de comunicación é estrada e rúa á vez é unha travesía. Pois esta travesía xa está en vías de execución o seu pintado, que foi acordado co concello de Sarria con cargo á conservación de estradas da Deputación, e está en espera de que mellore o tempo para podelo levar a cabo,

Así que, señor García, os sarrianos non lle deben nada a vostede neste pintado, incluso eu diría máis, deberían reñerlle por copiar, porque está vostede intentando copiar, así fan os malos estudantes. E estes son os inconvintes da política do furón, que cando ás veces un chega alí xa non está o coello. Así que eu creo que a vostede desta vez vai quedar sen paella.

E unha vez ramatada a Orde do Día deste pleno, desexarlles bo ano a todos, porque é o primeiro pleno do ano, e dende logo esperamos todos que esta pandemia teña o menor efecto posible sobre tódolos lucenses. Así que cuidarse moito e ata a próxima”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.